

A MULLER
NO MUNDO LABORAL

5

Introdución

Na exposición de motivos de Orgánica 3/2007 do 22 de Marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes (vixente ata 01/01/2014) diase: O artigo 14 da Constitución Española proclama o dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo. Pola súa parte o artigo 9.2 consagra a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais ou efectivos.

A igualdade, é así mesmo, un principio fundamental na U.E., no que se refire ao acceso ao emprego, formación, promoción profesional e ás condicións de traballo. A violencia de xénero, a discriminación salarial, a discriminación nas pensións de viuvez, o maior desemprego feminino, a escasa presenza das mulleres en postos de responsabilidade política, social, cultural e económica, ou os problemas de conciliación entre a vida persoal, laboral e familiar, mostra que a igualdade plena e efectiva aínda non se conseguiu.

O Título IV desta Lei Orgánica 3/2007, do 22 de Marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, ocúpase do dereito ao traballo en igualdade de oportunidades

entre mulleres e homes no acceso ao emprego, na formación profesional e nas condicións de traballo e contéplase especificamente o de negociar plans de igualdade nas empresas de mais de 250 traballadores/as.

No Cumio de Lisboa do ano 2000, fixouse un obxectivo de emprego feminino para 2010: o 60%.

As recomendacións que se fan a España están orientadas a aumentar os incentivos para que as mulleres participen no mercado de traballo e incrementar a dispoñibilidade e asequibilidade dos servizos para o coidado de fillos e outras persoas dependentes.

A situación de desigualdade da muller segue sendo palpable non solo en España e Europa, senón no resto do mundo. A OIT puxo a voz de alarma sobre a feminización da pobreza, resultado, en parte das diferenzas de xénero no ámbito laboral. Aumenta o número de mulleres que acceden ao emprego pero tamén aumenta o número de mulleres en paro. A taxa de actividade das mulleres españolas está por debaixo das europeas e a taxa de emprego feminino, aínda que mellorou nos últimos anos, aínda é mais baixa que a das mulleres europeas. A taxa de paro feminino, que tende a reducir distancias co masculino, segue a ser elevada.

As diferenzas salariais entre home e mulleres na media da U.E fóronse reducindo progresivamente. En España a evolución foi mínima, non só mantéñense unhas grandes diferenzas salariais, por razón de sexo, senón que a porcentaxe de mulleres con ingresos anuais superiores a 30.000 euros é moi reducido.

Ao longo de este capítulo queremos deixar reflexo da necesidade de adoptar medidas que reduzan as dificultades da muller para acceder e manter o emprego, a temporalidade, a precariedade, a desigualdade salarial e dificultades para conciliar a vida familiar, laboral e persoal. A estes elementos debe unirse a importante segregación ocupacional por sexos, o emprego feminino céntrase en determinadas ramas de actividade (segregación horizontal) e en determinadas categorías profesionais (segregación vertical).

Mais complicado parece que desapareza o “teito de cristal” ou “chan pegañento”: barreira invisible formada por unha complexa trama de estruturas en organizacións dominadas polos homes, que impiden que as mulleres accedan a postos de gran responsabilidade e recoñecemento social, e que en moitos casos crean que o elixiron elas libremente.

5.1 A muller na poboación galega

Neste capítulo atenderemos o mercado de traballo de Galicia dende a perspectiva da posición que nel ocupan as mulleres. Comezaremos este achegamento á problemática da muller no mercado de traballo galego analizando a participación relativa da muller na poboación galega.

As mulleres son maioría na poboación galega (así como na de cada unha das súas provincias) e na española, como se comproba co cadro 5.1. De cada 100 homes que hai en Galicia en 2012, hai 107,7 mulleres; o dato na Coruña é de 108, en Lugo de 107,8, en Ourense de 108,5 e en Pontevedra de 106,7 (todos moi por enriba da media española: 103,6).

**Poboación de Galicia e España.
Por sexo e provincias. 2012⁽¹⁾**

■ Cadro 5.1

	Ambos sexos	Varóns	Mulleres
España	46.163.116	22.668.769	23.494.348
Galicia	2.720.467	1.390.561	1.410.906
A Coruña	1.121.822	538.384	538.438
Lugo	335.642	161.494	174.147
Ourense	319.021	152.977	166.043
Pontevedra	943.982	456.705	487.278

(1) Datos provisionais.

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Padrón de habitantes.

No cadro 5.2 constatamos que no ano 2012 había na U.E. aproximadamente 51,17% de mulleres (o dato varía lixeiramente segundo consideremos a eurozona ou a UE).

Poboación España e U.E. % de mulleres 2009/2012

■ Cadro 5.2

	2009	2010	2011	2012
EU 27	51,19	51,18	51,17	51,17
EU 25	51,17	51,17	51,16	51,16
EU 15	51,13	51,12	51,14	51,14
España	50,62	50,70	50,66	50,71

Fonte: EUROSTAT.

A porcentaxe de mulleres sobre a poboación total en cada unha das comunidades autónomas (e no total estatal) dende 1998 figura no cadro 5.3. Destacaremos que no ano 2012:

- A porcentaxe de Galicia (51,10%) supera en 0,99 puntos á media estatal.
- Este ano Galicia deixa de ocupar o primeiro lugar en número de mulleres, sendo Asturias (52,07%) e Madrid (51,83%), as que ocupan o primeiro e segundo posto.
- Murcia e Castela a Mancha (ademais das cidades autónomas: Ceuta e Melilla) teñen as menores porcentaxes.

■ Cadro 5.3

Porcentaxe de mulleres sobre a poboación total. Por comunidades autónomas. 2002-2011

	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Andalucía	50,61	50,57	50,45	50,37	50,36	50,36	50,46	50,49	50,50	50,53
Aragón	50,39	50,31	50,19	50,16	49,93	49,93	49,92	50,13	50,14	50,21
Asturias	52,02	52,03	52,04	52,05	50,02	52,02	52,00	52,05	52,05	52,07
Baleares	49,94	49,95	49,89	49,86	49,63	49,63	49,69	49,87	49,91	49,97
Canarias	49,86	49,85	49,79	49,83	49,90	49,90	49,97	50,08	50,08	50,14
Cantabria	51,19	51,17	51,13	51,09	50,96	50,96	51,00	51,09	51,13	51,17
C. A Mancha	50,01	49,93	50,60	49,75	49,44	49,43	49,47	50,44	50,45	50,47
C. e León	50,63	50,63	49,81	50,57	50,37	50,36	50,38	49,57	49,58	49,59
Cataluña	50,63	50,59	50,42	50,33	50,29	50,29	50,32	50,49	50,50	50,58
C. Valenciana	50,50	50,44	50,30	50,19	50,14	50,13	50,19	50,33	50,33	50,36
Extremadura	50,29	50,27	50,25	50,26	50,24	50,24	50,33	50,33	50,34	50,34
Galicia	51,86	51,84	51,82	51,81	51,72	51,72	51,73	51,71	51,72	51,70
Madrid	51,72	51,68	51,58	51,59	51,53	51,53	51,54	51,72	51,73	51,83
Murcia	49,59	49,64	49,31	49,13	49,31	49,30	49,42	49,55	49,55	49,63
Navarra	50,02	50,05	50,03	50,00	49,98	49,98	49,97	50,05	50,06	50,13
País Vasco	51,03	51,03	51,03	51,08	51,09	51,09	51,09	51,17	51,16	51,19
A Rioxa	49,90	49,85	49,61	49,55	49,50	49,50	49,59	49,96	49,97	50,07
Ceuta	48,76	48,95	49,10	49,14	49,12	49,11	49,01	48,81	48,81	48,88
Melilla	49,26	49,34	49,12	49,21	49,15	49,14	49,30	48,70	48,70	48,55
España	50,76	50,73	50,62	50,57	50,50	50,50	50,50	50,65	50,66	50,71

Fonte: INE. Padrón Municipal.

A distribución por sexo de cada un dos grupos de idade en Galicia pode verse no cadro 5.4, que pon de manifesto que:

■ Os homes son maioritarios nos sete grupos de menor idade (ata o grupo: 35-39, inclusive).

■ As mulleres son maioritarias nos outros once grupos de idade e a diferenza a favor das mulleres vaise abrindo progresivamente á medida que avanzamos na idade.

A maior esperanza de vida das mulleres e a maior emigración dos homes están, sen dúbida, entre os factores explicativos.

**Poboación de Galicia.
Por idade (grupos quinquenais) e sexo. 2012**

■ Cadro 5.4

Idade	Galicia		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres
0 - 4	111.715	57.798	53.917
5 - 9	110.178	56.633	53.545
10 - 14	104.718	54.014	50.704
15 - 19	111.623	57.312	54.311
20 - 24	132.739	67.507	65.232
25 - 29	165.659	83.854	81.805
30 - 34	216.305	109.477	106.828
35 - 39	227.834	114.516	113.318
40 - 44	216.555	108.060	108.495
45 - 49	204.322	100.999	103.323
50 - 54	197.671	97.613	100.058
55 - 59	177.776	87.380	90.396
60 - 64	168.524	81.679	86.845
65 - 69	161.799	76.363	85.436
70 - 74	126.187	57.046	69.141
75 - 79	144.951	61.439	83.512
80 - 84	106.256	41.332	64.924
85 - 89	62.871	21.124	41.747
90 - 94	25.871	7.290	18.581
95 - 99	6.848	1.650	5.198
100 e máis	1.096	242	854
Total	2.781.498	1.343.328	1.438.170

Fonte: INE. Padrón municipal.

Para ver se a primacía numérica da muller en Galicia se asenta en motivos biolóxicos ou hai unha causalidade social, pode observarse no cadro 5.5 que no último cuarto de século en todos e cada un dos anos naceron en Galicia máis homes que mulleres. Destacaremos os seguintes aspectos:

■ O importante descenso dos nacementos tocou fondo en 1998, ano no que o total de nacementos non chegou á metade dos de 1980 (quedou no 47,3%).

■ A partir do ano 2003 recuperouse o nivel dos 20.000 nacementos (por vez primeira dende 1993) e a partir do ano 2005 o dos 21.000 nacementos.

■ Da diferenza entre homes e mulleres do ano 1980 (1.384 persoas) pasouse na actualidade a 888 nenos máis que nenas en 2012.

■ O ano coa menor diferenza entre nacemento de nenos e de nenas foi 1996 (con 461 persoas).


O pequeno aumento de nacementos que se constata en Galicia a partir de 1999 non se entende sen a chegada da inmigración estranxeira.

**Nacemento segundo o sexo do/a
nado/a.1984-2012. Galicia**

■ Cadro 5.5

Ano	Homes	Mulleres
1984	15.702	14.835
1985	14.682	13.745
1986	13.517	12.661
1987	13.360	12.464
1988	12.671	11.887
1989	12.146	11.446
1990	11.552	10.949
1991	11.331	10.596
1992	11.149	10.484
1993	10.956	10.328
1994	10.113	9.570
1995	9.702	9.097
1996	9.529	9.068
1997	9.647	9.036
1998	9.621	8.917
1999	9.691	9.093
2000	10.052	9.366
2001	9.955	9.406
2002	9.987	9.340
2003	10.539	9.884
2004	10.652	9.969
2005	10.867	10.230
2006	11.075	10.317
2007	11.173	10.497
2008	12.036	11.245
2009	11.644	11.002
2010	11.443	10.507
2011	11.544	10.608
2012	10.916	10.028

Fonte: IGE, INE. Movemento natural de poboación.



No cadro 5.6 compróbase que, a poboación estranxeira en Galicia só representa o 1,96% do total de España. Galicia é a cuarta Comunidade Autónoma por porcentaxe de mulleres estranxeiras sobre o total dos estranxeiros. Supera o 1,8 puntos a media estatal, despois de Asturias, Madrid e Cantabria.

■ Cadro 5.6

Poboación estranxeira. Porcentaxe de mulleres. Por CC.AA. 2007-2012

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
España	47,10	46,81	43,66	47,83	47,86	48,13
Andalucía	46,43	46,92	43,31	47,86	47,92	48,16
Aragón	44,78	44,14	39,72	45,70	45,71	46,19
Asturias	53,44	51,38	44,49	50,80	50,81	50,77
Baleares	48,40	47,94	45,01	48,64	48,71	48,84
Canarias	48,59	48,69	45,89	49,25	49,26	49,41
Cantabria	50,56	48,94	42,71	49,29	49,36	49,77
Castela e León	48,10	46,34	42,79	47,59	47,64	47,84
Castela A Mancha	44,44	43,68	39,83	45,56	45,61	45,87
Cataluña	43,40	45,27	42,02	46,46	46,49	46,86
C. Valenciana	46,65	46,68	44,48	47,68	47,70	47,80
Estremadura	46,46	45,77	43,42	47,78	47,80	48,00
Galicia	51,34	49,93	44,75	49,61	49,66	49,31
Madrid	53,19	49,30	46,59	50,30	50,31	50,86
Murcia	41,29	42,43	40,57	44,09	44,12	44,48
Navarra	46,82	45,77	42,16	46,02	46,07	46,63
País Vasco	49,44	48,56	42,88	48,58	48,58	48,55
A Ríoxa	43,21	43,47	40,62	46,46	46,47	47,04
Ceuta	51,29	50,80	44,70	49,64	49,70	49,14
Melilla	52,35	50,46	42,99	46,52	46,61	46,32

Fonte: INE. Explotación Estadística del Padrón.

5.2 Muller e actividade económica de mercado

5.2.1 Introducción

Só nas últimas décadas a muller comezou a incorporarse maioritariamente en Galicia á actividade económica “de mercado”, posto que tradicionalmente realizou un importante traballo, pero non retribuído senón ligado prioritariamente á esfera doméstica (incluíndo ademais dos labores do fogar o coidado dos nenos e nenas, das persoas con mobilidade reducida, etc.).

A invisibilidade deste traballo, que non computa na xeración do PIB, comezou a ceder paso no último cuarto de século por unha incorporación á vida activa similar á masculina nos grupos de idade máis novos, pero queda moito camiño por andar para que poidamos falar dun mercado laboral realmente equilibrado por sexos.

Xa vimos no capítulo anterior que as mulleres, malia ser máis que os homes entre a poboación de polo menos 16 anos, son moitas menos na poboación activa (e moi especialmente na ocupada), mentres que son maioría na poboación desempregada e na inactiva.

Podemos complementar ese cadro co 5.7, que detalla para as provincias galegas a distribución porcentual da poboación. Destacaremos que no ano 2012:

**Distribución porcentual da poboación de alomenos 16 anos.
Pola relación coa actividade económica.
Por sexo e provincia. 2011-2012**

■ Cadro 5.7

	Taxas de actividade		Taxas de desemprego	
	2011	2012	2011	2012
Ambos sexos				
A Coruña	57,20	58,00	16,00	18,50
Lugo	51,90	51,60	12,00	16,40
Ourense	48,60	47,70	18,00	21,20
Pontevedra	56,30	56,30	20,90	24,60
Homes				
A Coruña	63,30	64,00	15,10	18,70
Lugo	57,30	56,60	11,40	17,90
Ourense	54,80	53,60	17,10	20,20
Pontevedra	63,80	63,50	20,10	24,60
Mulleres				
A Coruña	51,60	52,70	16,90	18,40
Lugo	46,90	46,90	12,60	14,70
Ourense	42,80	42,40	19,00	22,20
Pontevedra	49,50	49,60	21,80	24,60

Fonte: INE, EPA do 4º trimestre.

■ A taxa de actividade maior alcánzana os homes na provincia de Pontevedra (64%) e a menor é a das mulleres en Ourense (42,4%)

■ A provincia con menor taxa de actividade masculina, Ourense (56,3%), está por enriba en máis de 10 puntos porcentuais, da de A Coruña. A que ten maior taxa de actividade feminina é A Coruña (52,7%), seguida de Pontevedra (49,6%). A taxa máis baixa está en Ourense con 42,4%.

■ A taxa de actividade en Galicia, no grupo de mulleres só chega ao 49,7% fronte ao 61,6% de homes.

■ A taxa mais alta de desemprego no colectivo feminino e masculino atopámola en Pontevedra (24,6%) tanto no grupo de homes como no de mulleres.

■ A taxa de desemprego máis baixa é a de Lugo cun 17,9% nos homes e tamén en mulleres, cun 14,7%.

5.2.2 Actividade e inactividade

A moito menor taxa de actividade das mulleres en Galicia (e en cada unha das súas provincias) en relación coa dos homes xa foi obxecto de estudio no capítulo 4; para completar esa análise presentamos no cadro 5.8 as taxas de actividade no último bienio de homes e mulleres en cada unha das comunidades autónomas. Destacaremos que:

■ Cadro 5.8

Taxa de actividade por sexo e comunidade autónoma. 2011-2012

	Varóns		Mulleres	
	2011	2012	2011	2012
España	67,45	66,93	52,92	53,39
Andalucía	67,34	66,53	50,51	51,90
Aragón	65,79	66,22	51,28	52,65
Asturias	58,50	59,00	45,73	46,14
Illas Baleares	72,57	72,48	59,11	60,83
Canarias	69,72	69,90	56,31	56,99
Cantabria	64,24	63,76	48,79	49,93
Castela A Mancha	63,01	66,94	47,81	50,04
Castela e León	68,59	63,15	49,68	47,86
Cataluña	69,79	68,41	56,60	56,28
C. Valenciana	67,21	67,24	52,90	52,55
Extremadura	63,82	64,06	44,27	46,83
Galicia	61,65	61,63	49,23	49,70
Madrid	71,15	70,40	57,77	58,48
Murcia	70,55	69,99	53,13	54,36
Navarra	66,76	66,41	53,98	54,01
País Vasco	64,71	63,62	52,55	51,56
A Ríoxa	66,98	65,87	52,87	52,11
Ceuta	66,53	65,90	45,11	48,06
Melilla	66,39	67,10	44,56	43,91

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de 2012.
Unidades: Porcentaxe.

■ A taxa de actividade feminina no ano 2012 está en Galicia 3,69 puntos porcentuais por baixo da media española.

■ A taxa de actividade masculina en 2012 de Galicia supera en máis de 11,93 puntos á feminina, pero está 5,3 puntos por debaixo da media estatal para o grupo de homes.

O estudio da poboación inactiva realizado no último epígrafe do capítulo 4 completáremolo aquí focalizando na perspectiva de xénero. O cadro 5.9 pon de manifesto que:

■ A principal situación de inactividade da muller galega por primeira vez deixa de ser “labores do fogar” (30,7%) e pasa o primeiro posto “xubilación ou prexubilación” (33,7%).

■ A principal situación de inactividade dos homes en Galicia é a de xubilado ou prexubilado (co 62,5% dos inactivos), mentres que nas mulleres é de 33,7%. A peque-

na proporción de mulleres que realizaron en décadas anteriores un traballo retribuído é a explicación principal deste importante desaxuste, que contribúe a que ser muller de idade avanzada se constitúa hoxe nun dos principais factores de risco para formar parte das bolsas de pobreza.

Cadro 5.9
Poboación inactiva. Por clase de inactividade, sexo e comunidade autónoma. 2012

	Total	Estudante	Xubilado/a ou prexubilado/a	Labores do fogar	Incapacitado/a permanente	Perceptor/a pensión distinta da xubilación (ou prexubilación)	Outras situacións ⁽¹⁾
Homes							
<i>España</i>	100	19,2	60,3	5,6	8,3	2,6	4,0
Andalucía	100	21,9	53,9	6,0	10,4	2,3	5,6
Aragón	100	18,0	68,0	4,1	6,9	1,5	2,0
Asturias	100	14,4	67,9	3,1	9,7	2,1	2,9
Baleares	100	19,7	56,1	7,9	5,7	4,9	5,6
Canarias	100	21,6	52,6	6,5	10,3	3,2	5,8
Cantabria	100	18,2	59,5	4,8	8,5	5,2	3,8
C. León	100	16,1	68,7	4,0	6,2	1,9	3,0
C. A Mancha	100	19,8	61,7	5,1	7,2	2,3	3,9
Cataluña	100	16,5	63,3	5,8	6,8	4,0	3,6
C. Valenciana	100	19,4	60,7	6,1	8,7	2,1	3,0
Extremadura	100	18,9	55,5	6,5	10,6	1,7	6,9
<i>Galicia</i>	100	15,9	62,5	5,6	10,2	2,7	3,0
Madrid	100	22,3	60,4	5,1	6,2	1,9	4,1
Murcia	100	23,2	52,9	6,1	10,1	4,2	3,6
Navarra	100	20,3	61,1	7,5	6,8	2,2	2,1
País Vasco	100	16,2	64,2	5,2	9,3	2,1	3,0
A Ríoxa	100	17,2	65,8	5,3	5,8	1,1	4,7
Ceuta	100	24,3	49,8	2,6	6,7	5,4	11,2
Melilla	100	31,2	41,5	0,6	4,7	3,5	18,5
Mulleres							
<i>España</i>	100	13,5	20,4	40,2	7,1	17,4	1,3
Andalucía	100	13,5	15,6	42,3	8,4	17,5	1,1
Aragón	100	15,0	19,1	42,4	8,4	16,5	0,4
Asturias	100	13,1	22,1	38,9	8,3	18,6	0,8
Baleares	100	11,2	26,7	39,8	3,8	14,3	2,9
Canarias	100	12,5	15,4	41,7	6,8	17,7	1,9
Cantabria	100	16,5	20,5	39,5	6,1	18,5	2,2
C. León	100	13,2	19,5	43,3	6,2	17,7	1,1
C. A Mancha	100	12,2	9,8	51,5	6,4	17,4	1,4
Cataluña	100	13,5	25,0	37,6	4,7	20,3	1,4
C. Valenciana	100	11,0	25,2	37,4	9,6	13,7	0,5
Extremadura	100	13,7	11,4	46,1	8,6	18,9	1,3
<i>Galicia</i>	100	11,4	33,7	30,7	7,5	15,6	1,1
Madrid	100	15,4	20,0	40,5	5,4	16,5	2,2
Murcia	100	15,5	17,4	42,2	10,7	13,5	0,7
Navarra	100	14,9	19,2	37,4	6,6	20,9	1,0
País Vasco	100	13,1	17,6	38,6	7,2	22,7	0,9
A Ríoxa	100	13,0	20,2	43,5	5,4	16,5	1,3
Ceuta	100	17,8	6,7	52,0	6,6	14,3	2,7
Melilla	100	18,5	6,3	44,7	5,0	20,1	5,4

(1) A categoría "Outra situación" inclúe aos inactivos/as que non mencionan ningunha situación de inactividade e declaran estar buscando emprego ou traballar. Datos en porcentaxes, respecto da poboación inactiva total de cada comunidade autónoma
 Fonte: INE, EPA 4º trimestre.

■ O 11,4% das inactivas galegas son estudantes e a porcentaxe ascende o 16% entre os homes.

■ O cobramento das pensións de viuvez prioritariamente por mulleres (xa que en décadas anteriores os/as cotizantes a social eran en proporción moi maioritaria os homes) explica que a porcentaxe de mulleres perceptoras de pensións diferentes ás ligadas á xubilación é cinco veces maior que nos homes.

A desagregación en dous grupos de idade do cadro 5.10 permítenos constatar que no máis novo (de 16 a 19 anos) as mulleres inactivas superan os homes inactivos en 900 persoas mentres que a medida que avanzamos en idade, tamén o facemos en diferenza, ata chegar a unha diferenza de 29.100 inactivas máis no grupo de 54 a 64 anos e a 97.600 no tramo de >65 anos.

■ Cadro 5.10

Inactivos/as por grupo de idade, sexo e comunidade autónoma. Valores absolutos. Galicia 2010 - 2012

	Total			De 16 a 19 anos			De 20 a 24 anos			De 25 a 34 anos			De 35 a 44 anos			De 45 a 54 anos			De 55 a 64 anos			De 65 e máis anos		
	2010	2011	2012	2010	2011	2012	2010	2011	2012	2010	2011	2012	2010	2011	2012	2010	2011	2012	2010	2011	2012	2010	2011	2012
Homes	434,7	435,3	433,2	37,8	37,2	38,3	27,6	27,6	27,6	23,3	20,1	16,8	14,4	13,6	14,8	23,2	23,3	24,1	67,8	68,7	64,2	240,5	244,8	247,5
Mulleres	647,8	630,6	621,8	38,8	38,6	37,4	34,0	33,9	29,9	34,4	28,0	23,8	43,7	40,9	38,7	57,5	52,4	53,8	100,6	94,4	93,3	338,8	342,4	345,1
Galicia	1.082,5	1.065,9	1.055,0	76,6	75,8	75,7	60,9	56,1	57,5	57,7	48,1	40,6	58,1	54,5	53,5	80,7	75,7	77,9	168,4	163,1	157,5	579,3	587,2	592,6

Fonte: INE.

Evidentemente, a incorporación máis igualitaria da muller ao mundo do traballo retribuído vaise producindo nos estratos de poboación máis novos.

5.2.3 Emprego e desemprego

Dentro da poboación activa inclúese tanto a que está a traballar (poboación ocupada) como a que busca emprego activamente (poboación desempregada).

A distribución porcentual da poboación ocupada por sexos e sectores económicos en cada unha das comunidades autónomas para o ano 2012 figura no cadro 5.11; nel destacaremos, no referido a Galicia e o total español, que:

■ O 81,7% das mulleres con emprego en Galicia traballan no sector servizos (en España alcanza o 88,5%).

■ A porcentaxe de mulleres que traballan en Galicia no sector agropesqueiro case triplica á media española de mulleres, mentres que nos homes non chega a duplicalo.

■ A subrepresentación da muller por sectores económicos é especialmente recha-mante na construción, actividade na que solo chega ao 1,3% de ocupación, case igual que a media estatal.

**Distribución porcentual dos ocupados/as por sector económico,
comunidade autónoma e sexo. 2012**
■ Cadro 5.11

	Total	Agricultura	Industria	Construción	Servizos
Andalucía					
Homes	100,0	10,1	12,7	9,6	67,5
Mulleres	100,0	4,7	4,1	1,3	89,9
Aragón					
Homes	100,0	8,8	25,7	11,3	54,3
Mulleres	100,0	2,2	8,7	1,5	87,6
Asturias					
Homes	100,0	4,5	22,5	13,7	59,3
Mulleres	100,0	4,3	5,9	1,7	88,0
Baleares					
Homes	100,0	1,5	10,6	16,9	71,0
Mulleres	100,0	0,5	3,2	0,8	95,5
Canarias					
Homes	100,0	3,8	7,5	10,2	78,5
Mulleres	100,0	1,6	2,6	1,0	94,8
Cantabria					
Homes	100,0	3,5	24,0	12,2	60,3
Mulleres	100,0	3,0	7,4	1,8	87,8
C. León					
Homes	100,0	10,3	22,2	13,3	54,1
Mulleres	100,0	3,4	7,6	1,4	87,6
C. A Mancha					
Homes	100,0	10,3	21,3	13,7	54,7
Mulleres	100,0	2,8	9,5	1,0	86,7
Cataluña					
Homes	100,0	2,6	25,6	11,1	60,6
Mulleres	100,0	1,0	10,8	1,3	86,9
C. Valenciana					
Homes	100,0	5,1	23,0	11,8	60,2
Mulleres	100,0	2,0	10,0	1,0	87,0
Extremadura					
Homes	100,0	15,1	15,0	13,8	56,1
Mulleres	100,0	5,4	6,4	1,2	87,0
Galicia					
Homes	100,0	8,2	21,0	13,2	57,7
Mulleres	100,0	7,1	9,9	1,3	81,7
Madrid					
Homes	100,0	0,5	12,6	8,5	78,3
Mulleres	100,0	0,1	6,3	1,3	92,3
Murcia					
Homes	100,0	18,0	17,2	10,7	54,1
Mulleres	100,0	7,7	7,7	0,8	83,7
Navarra					
Homes	100,0	5,2	34,8	11,5	48,5
Mulleres	100,0	1,7	14,5	1,1	82,7
País Vasco					
Homes	100,0	1,6	31,1	10,4	56,9
Mulleres	100,0	0,9	9,4	1,2	88,4
A Rioxa					
Homes	100,0	7,7	31,0	15,1	46,3
Mulleres	100,0	2,5	15,5	1,2	80,7
Ceuta					
Homes	100,0	0,3	4,2	7,8	87,8
Mulleres	100,0	-	0,3	-	99,7
Melilla					
Homes	100,0	-	3,0	12,8	84,2
Mulleres	100,0	-	0,0	0,0	100,0
España					
Homes	100,0	5,9	19,3	11,1	63,6
Mulleres	100,0	2,5	7,8	1,2	88,5

Datos en porcentaxe.
Fonte: INE, EPA 4º trimestre.

No capítulo 4 pode comprobarse que a taxa de ocupación da muller en Galicia continúa estando moi por baixo da masculina.

As taxas de paro en 2012 en cada unha das comunidades españolas e desagregación por sexos figuran no cadro 5.12, que amosa que:

- A taxa de paro das mulleres é máis de 1,65 puntos superior á dos homes en Galicia e con 3,87 puntos de diferenza por debaixo da media española.
- As taxas de desemprego feminino son especialmente altas en Melilla, Andalucía e Ceuta (en todas elas supera o 35%).
- A taxa de desemprego feminino máis baixa tena o País Vasco e o seu valor é 15,25% seguida de Navarra (17,71%).

**Taxas de desemprego.
Por sexo e comunidade autónoma. 2012**

■ Cadro 5.12

	Homes	Mulleres
España	24,73	25,38
Andalucía	33,58	35,85
Aragón	16,60	19,77
Asturias	21,65	21,88
Baleares	22,26	24,25
Canarias	32,40	33,72
Cantabria	18,06	17,34
C. A Mancha	25,57	32,36
C. León	17,76	22,26
Cataluña	23,17	22,05
C. Valenciana	27,84	27,42
Extremadura	30,49	36,44
Galicia	20,85	20,45
Madrid	19,54	18,38
Murcia	27,82	27,96
Navarra	16,64	15,71
País Vasco	14,54	15,25
A Ríoxa	18,94	22,36
Ceuta	30,61	49,35
Melilla	23,83	35,68

Fonte: INE, EPA 4º trimestre.

A desagregación por grupos de idade das taxas de desemprego de Galicia reflicte que:

- A taxa de desemprego en Galicia do estrato máis novo de mulleres (as menores de 25 anos) alcanzou o 21,75%, mentres que nas maiores de 25 anos chegou ao 22,92%.
- No grupo de homes esta taxa, para os menores de 25 anos (23,73%) é máis do dobre que para os maiores desa idade (19,57%)

Taxa de paro. Por idades e sexos. Galicia. 2012

■ Cadro 5.13

	Menores de 25 anos	Maiores de 25 anos
Homes	23,73	19,57
Mulleres	21,75	22,92

Datos de decembro 2012.

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia. Consellería de Traballo e Benestar. Informe do paro rexistrado.

5.3 Demandas de emprego e paro rexistrado

Demandantes son os traballadores e traballadoras que se inscriben nos servizos públicos de emprego para a busca dun emprego ou mellorar o que posúen, para recibir outros servizos alleos ao emprego (orientación para o autoemprego, formación ocupacional) ou pola obrigatoriedade de inscribirse para recibir unha prestación por desemprego ou subsidio.

Os/as demandantes de emprego clasifícanse en determinados colectivos de pertenza e así calcúlase por exclusión a cifra de paro rexistrado, ao poder reunir a demanda dunha traballador/a dous ou máis situacións. Estableceuse a seguinte orde de preferencia contabilizándose un demandante no primeiro colectivo que aparece:

- Demandantes inscritos sen dispoñibilidade
- Demandantes de emprego non parados:
 - Demandantes con baixa dispoñibilidade para o emprego.
 - Demandantes ocupados ou con relación laboral.
 - Demandantes dun emprego específico.
 - Outros demandantes sen emprego/non ocupados.
- Demandantes de emprego parados.

Parados/as. Por idade e sexo. Galicia. 2012

■ Cadro 5.14

	Nº parados/as		
	Mulleres	Homes	Total
16 a 19	1.260	2.023	3.283
20 a 24	7.551	9.013	16.564
25 a 29	14.818	15.383	30.201
30 a 34	19.544	18.251	37.795
35 a 39	21.082	18.601	39.683
40 a 44	18.913	16.653	35.566
45 a 49	16.867	16.363	33.230
50 a 54	15.398	16.144	31.542
55 a 59	14.127	14.868	28.995
60 a 64	10.922	11.006	21.928
Total	140.482	138.305	278.787

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións.

As demandas de emprego pendentes de demandantes parados/as en 2012 foron 278.787. Deles o 49,61% correspondía ao colectivo de homes (España 49,66%) e o 50,39% ao de mulleres (España 50,34%). Por tramos de idade, no grupo de mulleres, son os de entre 35-39 anos (15%), 30-34 (13,91%) e 40-44 (13,46%) as que máis demandas acumulan; mentres que no dos homes son os de 35-39 anos (13,45%), 30-34 (13,20%) e 40-44 (12,04%).

O máis significativo é que a diferenza do número de mulleres que demanda emprego sen conseguilo ao finalizar o ano 2012, fronte ao colectivo de homes, viuse reducida, ao igual que o ano anterior (mulleres 51,29% e homes 48,71% en 2011).

Parados/as. Por nivel académico e sexo. Galicia. 2012

■ Cadro 5.15

	Nº parados/as		
	Mulleres	Homes	Total
Ata Ctfcado. Escolaridade*	49.073	63.822	112.895
Titulación ensino obrigatorio	35.751	38.802	74.553
Formación Profesional	23.489	17.055	40.544
BUP/ Bacharelato Superior/COU	12.049	9.643	21.692
Titulados universitarios	19.996	8.937	28.933
Outras titulacións	124	46	170
Total	140.482	138.305	278.787

*Inclúe certificado de escolaridade, primarios sen certificado e sen estudos.

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións.

Centrándonos no nivel de estudos as diferenzas non son tan apreciables xa que nos dous grupos, é o colectivo de “Ata certificado de Escolaridade”, os que acumulan o maior número de demandas pendentes de demandantes parados. As mulleres 34,93% e homes 46,14%. As mulleres con estudos universitarios teñen un peor comportamento en canto ás demandas de emprego pendentes chegando ao 14,23%, fronte ao 6,46% de homes.

Cadro 5.16

Demandas de emprego pendentes de demandantes parados/as. Segundo grupo principal de ocupación. Por provincias. Decembro 2012

	Homes				Mulleres			
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
A Direct, e Xerent.	655	94	171	606	225	40	34	219
B Técnicos e prof. Saúde e Ensino	637	203	167	503	2.249	700	636	1.920
C Outros tec. Científicos e intelect.	3.249	702	660	2.435	4.547	925	790	3.243
D Técnicos profesionais de apoio	6.040	1.264	1.220	6.210	4.271	981	888	4.319
E Empregados oficina non públicos	2.088	487	616	2.066	5.918	1.447	1.626	6.086
F Empregados oficina públicos	406	71	102	386	1.827	272	386	1.666
G Trab. Servizos Restaur. e Comercio	3.240	766	922	3.296	13.060	3.626	3.817	14.572
H Trab. serv. Saúde	574	141	141	478	5.460	1.722	2.051	5.419
I Trab. serv. prot. e seg.	978	429	463	791	149	94	80	169
J Trab. Cualificados Agricul. Gandeí.	1.912	587	695	2.015	518	194	267	911
K Trab. cual. Construcción	12.756	3.088	2.971	12.620	147	40	38	169
L Trab. cual. industrias. Manufactu.	7.145	1.735	1.503	7.211	1.930	324	366	2.648
M Operador instal. y Maquin.	1.087	396	503	1.242	3.101	159	668	1.747
N Conductor operador maquin. móvil	4.342	1.851	1.528	4.255	180	60	50	265
O Traballa. non cualificado servizos	1.516	254	314	1.135	9.021	2.138	2.797	9.115
P Peóns Agricultura e construción	8.349	2.627	2.930	8.389	2.360	508	994	4.313
Q Ocupacións Militares	31	13	12	36	7	1	1	11
TOTAL	55.005	14.708	14.918	53.674	54.970	13.231	15.489	56.792

Fonte: SPEE

Por grupo principal de ocupación, as mulleres demandantes de emprego paradas, solicitan en maior número as seguintes ocupacións:

- Traballadoras de servizos de restauración e comercio, 35.075 (24,97%). En España supón o 22,64%.
- Traballadoras de non cualificadas de servizos, 23.071 (16,42%)
- Traballadoras de servizo saúde, 14.652 (10,43%)
- Empregada de oficina non publico, 15.077 (10,73%)
- Técnicas e profesionais de apoio 10.459 (7,44%).

No colectivo masculino, a profesión mais demandada segue sendo “Traballadores cualificados da construción” con 31.435 demandantes parados 22,73% (España 20,82%), seguida de peóns agrícolas e de construción con 22.295 demandantes 16,12% (España 21,71%), estas seguen sendo profesións reservadas aos homes.

Parados/as. Por actividade económica e sexo. Galicia. 2012

■ Cadro 5.17

	Nº parados/as		
	Mulleres	Homes	Total
O. Sen emprego anterior	15.771	7251	23.022
A Agricultura, gandería, caza e selvicultura e pesca	2.580	6.875	9.455
B Industrias extractivas	166	831	997
C Industrias manufactureiras	17.340	20.339	37.679
D Subministración enerxía eléctrica, gas, vapor e A.A	57	295	352
E Subministración de auga, actividades de saneamento	370	791	1.161
F Construción	3.896	42.088	45.984
G Comer., repar. vehíc. motor, motocicl. e art. persoal	22.998	13.889	36.887
H Transporte e almacenamento	2.533	7.120	9.653
I Hostalaría	19.948	8.070	28.018
J Información e comunicacións	2.133	1.948	4.081
K Activid. Financeiras e de seguros	1.124	1.368	2.492
L Actividades inmobiliarias	598	283	881
M Actividades profesionais, científicas e técnicas	7.079	4.761	11.840
N Actividades administrativas e servizos auxiliares.	14.958	10.026	24.984
O Admon. Pública e defensa; Seguridade social obrig.	7.698	5.839	13.537
P Educación	4.755	1.976	6.731
Q Actividades sanitarias e servizos sociais	8.209	999	9.208
R Actividades artísticas, recreativas e entretemento	1.720	2.008	3.728
S Outros servizos	5.636	1.458	7.094
T Actividades dos fogares como empregadores do persoal doméstico; e como produto	887	75	962
U Actividades de Organizacións e Org. Extraterritoriais	26	15	41
Total	140.482	138.305	278.787

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións.

En canto á sección da actividade económica hai que destacar a actividade de comercio (16,37%) como a mais demandada, seguida de “hostalería” cun 14,20%, “industrias manufactureiras” con 12,34% e de “sen emprego anterior” cun 11,23%. En España en primeiro lugar aparecen Actividades administrativas, seguido de Hostalaría e de Comercio.

Ao igual que vimos coas ocupacións mais demandadas, é a “construción” a sección de actividade económica onde o colectivo de homes concentra en maior medida as súas expectativas laborais, cun 30,43%, seguido de actividade de “industrias manufactureiras” co 14,71% e comercio.

Aínda que se aprecian actividades económicas igualmente demandadas por homes e mulleres, seguen existindo outras reservadas case exclusivamente ás mulleres, como “actividades sanitarias e de servizos sociais” (89%), “hostalería” (71%) e “educación” (71%).

**Demandas de emprego pendentes de demandantes parados/as.
Segundo idade e duración da demanda e sexo, por provincias. Decembro 2012**

■ Cadro 5.18

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
HOMES					
> 25 anos					
< 1 mes	578	172	151	533	1.434
De 1 a ≤ 6 meses	2.114	672	718	2.196	5.700
De > 6 meses a ≤ 1 ano	688	202	208	716	1.814
De máis de 1 ano	740	217	219	912	2.088
Total	4.120	1.263	1.296	4.357	11.036
< 25 anos					
< 1 mes	4.989	1.126	1.092	4.637	11.844
De 1 a ≤ 6 meses	15.432	4.107	3.835	15.440	38.814
De > 6 meses a ≤ 1 ano	9.131	2.391	2.221	8.344	22.087
De máis de 1 ano	21.333	5.821	6.474	20.896	54.524
Total	50.885	13.445	13.622	49.317	127.269
Total	55.005	14.708	14.918	53.674	138.305
MULLERES					
> 25 anos					
< 1 mes	426	126	138	460	1.150
De 1 a ≤ 6 meses	1.755	540	538	1.931	4.764
De > 6 meses a ≤ 1 ano	441	125	173	566	1.305
De máis de 1 ano	566	180	166	680	1.592
Total	3.188	971	1.015	3.637	8.811
< 25 anos					
< 1 mes	4.119	885	857	3.860	9.721
De 1 a ≤ 6 meses	14.647	3.812	3.678	14.694	36.831
De > 6 meses a ≤ 1 ano	7.851	2.004	2.118	8.036	20.009
De máis de 1 ano	25.165	5.559	7.821	26.565	65.110
Total	51.782	12.260	14.474	53.155	131.671
Total	54.970	13.231	15.489	56.792	140.482

Fonte: SEPE

As mulleres maiores de 25 anos representa o 93,7% (En España 91,19%) das demandas pendentes de demandantes parados/as fronte ao 92% dos homes (89,95% en España). O 49,7% das mulleres maiores de 25 anos permanecen máis dun ano como demandantes de emprego (42,8% homes) e o 28% (30,5% homes), entre un e seis meses.

■ Cadro 5.19

**Demandas de emprego pendentes. Segundo clasificación da demanda.
Por sexo e por provincias. Decembro 2012**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
HOMES					
Non parados					
Con dispoñibilidade limitada	2.839	685	1.028	3.080	7.632
Con relac. Laboral	4.622	1.325	1.181	9.308	16.436
Ocupados	2.685	952	770	2.631	7.038
Demandan empregos específicos	344	150	154	521	1.169
Outros non ocupados	3.437	934	849	2.794	8.014
Total	13.927	4.046	3.982	18.334	40.289
Parados	55.005	14.708	14.918	53.674	138.305
Total	68.932	18.754	18.900	72.008	178.594
MULLERES					
Non paradas					
Con dispoñibilidade limitada	1.877	296	672	1.865	4.710
Con relac. Laboral	2.942	619	619	5.260	9.440
Ocupadas	5.408	1.878	1.861	5.340	14.487
Demandan empregos específicos	384	216	237	615	1.452
Outras non ocupadas	3.023	942	1.017	2.805	7.787
Total	13.634	3.951	4.406	15.885	37.876
Paradas	54.970	13.231	15.489	56.792	140.482
Total	68.604	17.182	19.895	72.677	178.358
TOTAL	137.536	35.936	38.795	144.685	356.952

Fonte: SEPE

**Baixas de demandas de emprego. Segundo causa da baixa.
Por sexo e por provincias. Decembro 2012**

■ Cadro 5.20

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
HOMES					
Baixas por colocación					
Con oferta previa	153	25	144	54	376
Sen oferta previa	2.710	606	568	2.843	6.727
Total	2.863	631	712	2.897	7.103
Non renovación	3.044	834	930	3.258	8.066
Outras causas	536	93	68	472	1.169
Total	6.443	1.558	1.710	6.627	16.338
MULLERES					
Baixas por colocación					
Con oferta previa	153	38	118	88	397
Sen oferta previa	3.231	956	842	3.222	8.251
Total	3.384	994	960	3.310	8.648
Non renovación	3.015	918	946	2.981	7.860
Outras causas	482	71	68	663	1.284
Total	6.881	1.983	1.974	6.954	17.792

Fonte: SEPE

Para finalizar faremos unha referencia ás baixas na demanda de emprego. As baixas por colocación representa o 48,61% (España 49%) no grupo de mulleres, fronte ao 43,77% no dos homes.

O seguinte cadro do Instituto Galego das Cualificacións danos unha visión resumida dos valores máis altos das paradas/os en Galicia no ano 2012.

■ Cadro 5.21

Perfil dos parados/as en xeral. Ano 2012. Galicia

Descrición	Perfil tipo
Sexo	Muller
Grupo de idade	35 a 39
Nivel académico	Ata Certificado Escolaridade
Sección da clasific. CNAE	Construción
Ocupación máis demand. no ámbito feminino a 4 díx.	Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos, mercad.
Ocupación máis demand. no ámbito masculino a 4 díx.	Albaneis

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións.

5.4 Contratos de traballo

Neste capítulo utilizaremos os cadros elaborados polo Instituto Galego de Estatística e os facilitados polo SEPE.

No capítulo 7, dedicado á contratación móstranse os datos facilitados polo SEPE por tipos de contratos e sexo, que servirán como información complementaria para este capítulo.

No ano 2012 a contratación feminina supuxo o 48,59% do total da contratación, tanto de contratos iniciais, como conversión en indefinidos e Adscricións en Colaboración social. Se o distribuímos os contratos iniciais supuxeron o 48,52%, as conversións o 50,65% e as Adscrición o 33,12% do total de ambos os dous sexos, sempre por debaixo da contratación masculina.

■ Cadro 5.22

Contratados. Por idade e sexo. España 2012. Porcentaxe

	% CONTRATOS	
	Mulleres	Homes
16 a 19	44,57	55,43
20 a 24	49,47	50,53
25 a 29	47,03	52,97
30 a 34	42,32	57,68
35 a 39	42,49	57,51
40 a 44	45,39	54,61
45 a 49	47,46	52,54
50 a 54	46,87	53,13
55 a 59	42,82	57,18
60 a 64	39,94	60,06
65 ou máis anos	45,45	54,55

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións.

Se facemos unha análise por idades, observamos como o tramo de idade con maior contratación foi o de 25-29 anos.

Ao comparar os datos por idades do grupo de mulleres, co dos homes, chama a atención, que se ben en case todos os grupos de idade a contratación masculina supera a feminina, hai grupos onde a diferenza é maior. O grupo de mulleres de >60 anos só rexistrou o 39,94% dos contratos, fronte o 60,06% de homes. Nos grupos de idade intermedios é onde menos diferenzas se presentan. No grupo de 20-24 anos a distribución é case igualitaria cun 49,47% dos contratos celebrados con mulleres. As diferenzas son máis acusadas nos tramos de menor idade e nos de maior idade.

Outra característica dos contratos concertados con mulleres é que o son maioritariamente no sector servizos.

Segundo o seguinte cadro o 92% das mulleres traballadoras galegas exercen a súa profesión no sector servizos. O segundo sector de importancia é a industria onde traballa o 6,33%. Na Agricultura e Construción a representación feminina é moi escasa.

Contratos nos catro grandes sectores de actividades económicas (clasificación CNAE) por sexo. Galicia. 2012

■ Cadro 5.23

	Mulleres	Total	% de Mulleres
Agricultura	3.069	20.652	3,12
Industria	19.681	54.290	8,20
Construcción	1.896	40.614	6,13
Servizos	286.265	546.772	82,55
	0	0	0,00
Total	310.911	662.328	100,00

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións.

O sector servizos é o único onde a contratación feminina supera a masculina representando un 53,95% do total dos contratos realizados neste sector. Dentro deste sector, a actividade administrativa e de servizos auxiliares, Hostalaría e Comercio, concentran maior número de mulleres traballadoras con 175.607 traballadoras contratadas en 2012 fronte ao total do sector servizos de 286.265 contratacións.

■ **Cadro 5.24** Contratos sectoriais por seccións (clasificación CNAE) e sexo. Galicia. 2012

	Muller	Home	Total
A Agricultura, gandería, caza e selvicultura e pesca	3.069	17.076	20.145
B Industrias extractivas	51	579	630
C Industrias manufactureira	18.849	28.631	47.480
D Subministración de enerxía elec, gas, vapor e aire acondic.	51	177	228
E Subministración de auga, saneamento, residuos desconta.	730	1.970	2.700
F Construción	1.896	37.087	38.983
G Comercio por xunto e polo miúdo, reparación vehiculos mo.	40.212	23.449	63.661
H Transporte e almacenamento	9.996	39.754	49.750
I Hostalaría	62.033	48.323	110.356
J Información e comunicacións	6.498	7.522	14.020
K Actividades financeiras e de seguros	1.420	696	2.116
L Actividades inmobiliarias	471	295	766
M Actividades profesionais, científicas e técnicas	11.605	7.704	19.309
N Actividades administrativas e servizos auxiliares	73.362	66.895	140.257
O Admón, pública e defensa; seguridade social obrigatoria	9.382	6.333	15.715
P Educación	15.286	8.478	23.764
Q Actividades sanitarias e de servizos sociais	28.184	4.097	32.281
R Actividades artísticas recreativas e de entretemento	13.402	26.576	39.978
S Outros servizos	9.917	3.945	13.862
T Actividades dos fogares e uso prop.	4.484	242	4.726
U Orga. Extraterritoriales	13	5	18
Total	310.911	329.834	640.745

Fonte: Instituto galego das cualificacións

A distribución do emprego feminino está moi ligada ás ocupacións que desempeñan, por iso é importante analizar como se distribúen os empregos segundo a ocupación.

Se ben é certo que hai pouca representación de mulleres en postos de Dirección de Empresas, só o 35,43% fronte ao 64,57% de homes, as porcentaxes iguálanse en Técnicas e Profesionais de saúde e ensino (71%) e Traballadoras de servizos de saúde (85%). O maior número de mulleres con formación superior ou universitaria está a ter reflexo no mercado de traballo, e a medio ou longo prazo ten que repercutir en que pasen a ocupar postos de dirección e polo tanto, tamén repercutan nos niveis salariais.

Outro grupo con forte representación feminina é o das Empregadas en servizos de restauración e comercio co 61,37%.

Entre as traballadoras cualificados da construción a presenza da muller é moi escasa, só o 1,72% e no grupo de Traballadoras de agricultura a representación masculina tamén é moi superior á feminina.

Contratos asociados aos grandes grupos de ocupación por sexo. Galicia. 2012

■ Cadro 5.25

		Nº Contratos
A	Dirección e xerencia	1.445
	Muller	512
	Home	933
B	Técnicos e profesionais. Saúde e Ensino	26.835
	Muller	19.053
	Home	7.782
C	Outros técnicos. Científicos e intelect.	37.854
	Muller	13.747
	Home	24.107
D	Técnicos, profes. De apoio	41.860
	Muller	18.577
	Home	23.283
E	Empregados oficina non público	19.230
	Muller	11.995
	Home	7.235
F	Empregados oficina público	22.864
	Muller	17.103
	Home	5.761
G	Traballadoras servizo Restaur. E Comercio.	152.635
	Muller	93.666
	Home	58.969
H	Traballo. Serv. saúde	39.936
	Muller	34.044
	Home	5.892
I	Trab. Serv. Prot y Segur.	
	Muller	1.414
	Home	6.952
J	Traballo cualificado Agricultura, gandería	11.285
	Muller	1.996
	Home	9.289
K	Traballo cualificado da construción	25.460
	Muller	439
	Home	25.021
L	Traballo cualificado industr. Manufact.	40.995
	Muller	12.030
	Home	28.965
M	Operador, instalador e maquinista	17.589
	Muller	8.919
	Home	8.670
N	Conductor, operad. Maquin. Móvil	31.786
	Muller	1.758
	Home	30.028
O	Traballador non cualificado. Servizos	65.955
	Muller	48.351
	Home	17.604
P	Peóns Agricultura e Construción	96.547
	Muller	27.287
	Home	69.260
Q	Ocupacións Militares.	103
	Muller	20
	Home	83
Total contratos		640.745
Total mulleres		310.911
Total homes		329.834

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións.

Podemos concluír que, no referente aos grupos de ocupación existen dúas tendencias:

■ Un grupo maioritario que desempeña as súas funcións como Empregada Administrativa, ou como traballadora de servizos de restauración, persoais e do comercio.

■ Un grupo minoritario, que grazas á obtención dun título universitario, ocupan postos como Técnicos e Profesionais en saúde e ensino e outros técnicos Científicos e Intelectuais.

Como expuxemos ao inicio deste apartado, a contratación masculina no 2012 foi superior á feminina e o foi especialmente nos contratos indefinidos ordinarios, onde a contratación feminina supuxo o 46,57% e nos indefinidos a tempo parcial chegou ao 68,11%.

Contratos indefinidos acollidos a medidas de fomento da contratación. Segundo sexo, idade e provincias. Galicia 2012

■ Cadro 5.26

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	≥ 45	< 25	25-29	30-39	40-44	≥ 45	
A Coruña	129	247	148	57	224	159	281	130	34	125	1.534
Lugo	74	91	39	12	73	96	97	34	17	46	579
Ourense	49	80	42	19	62	67	87	35	8	50	499
Pontevedra	119	191	152	52	203	145	236	125	31	131	1.385
Total	371	609	381	140	562	467	701	324	90	352	3.997

Fonte: SPEE. Contratos rexistrados.

Tipoloxía contractual por sexo e idade. Ano 2012

■ Cadro 5.27

	Muller	Home
Indefinido ord. E fomento emprego	14.023	16.102
De obra ou servizo	94.469	134.166
Eventual por cincust. da produccción	139.600	139.013
Interinidade	53.893	22.301
Prácticas	1.270	1.057
Para a formación	2.611	2.647
Outros	5.043	14.550
TOTAL	310.909	329.836

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións.

A contratación segundo modalidade e sexo pódense consultar nos cadros do Capítulo 7.

Hai determinadas modalidades de contratación con maior peso feminino e outras onde o peso dos homes é moito maior. Entre os claramente femininos destacar os de interinidade (70,73%) e os que se realizan a tempo parcial tanto indefinidos como temporais. Este ano, de novo, o contrato en prácticas realizado a mulleres (54,58%) supera aos concertados con homes.

Os contratos temporais, tanto a xornada completa como parcial, alcanzan no colectivo feminino o 95,49% da contratación a mulleres, mentres que no colectivo masculino chega ao 95,12%.

Os contratos indefinidos, tanto a xornada completa como parcial, supuxeron o 4,5% nas mulleres e o 4,88% nos homes, e as conversións en indefinidos tamén se equiparan ás do grupo de homes chegando ao 50,66% para o colectivo feminino.

Mantense a tendencia dos últimos anos onde a contratación feminina está caracterizada un maior uso de contrato a tempo parcial, aínda que hai que destacar un aumento da parcialidade no grupo de homes.

5.5 Formación

Outro factor importante a ter en conta na inserción da muller no mundo do traballo é, sen dúbida, a formación académica á que accede o alumnado feminino como fase previa ao seu acceso ao mercado laboral.

Neste apartado imos tratar a formación regulada. Dentro da formación regulada centrarémonos nos ciclos formativos de FP Grao Superior, Bacharelato e Titulacións Universitarias, por consideralos máis significativos, e para iso imos utilizar os datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística (IGE) e os do INE.

No alumnado matriculado nos ciclos formativos de Grao Superior, observamos que para o curso 2011-2012, o 48,89% dos alumnos/as eran mulleres, porcentaxe inferior ao dos homes por primeira vez nos últimos anos.

■ Cadro 5.28

Alumnado matriculado en ciclo formativo de FP grao superior, por sexo. Curso 2012 / 2013. Galicia - España

	Total	Homes	Mulleres
Galicia	16.082	8.219	7.863

Unidade: nº de alumnos/as.

Fonte: IGE Información subministrada directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

O alumnado matriculado en Bacharelato, segundo o IGE no curso 2011 mostra que as mulleres matriculadas representan en Galicia o 53,46%, superior en case 7 puntos á media masculina do 46,54%, confirmándose novamente a necesidade dunha maior formación do colectivo feminino para enfrontarse ao mundo do traballo.

■ Cadro 5.29

Ensinanza non universitaria. Alumnado matriculado en bacharelato, por sexos. Curso 2012 - 2013. Galicia

	Ambos sexos	Varons	Mulleres
Galicia	31.449	14.635	16.814

Unidade: nº de alumnos/as.

Fonte: IGE Información subministrada directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Abandono educativo temperán. Poboación entre 18 e 24 anos (ambos inclusive) que non completou o nivel de educación secundaria segunda etapa e non segue ningún tipo de formación (regrada ou non regrada). Galicia

■ Cadro 5.30

	Total	Homes	Mulleres
2009	26,0	31,7	20,1
2010	23,1	27,8	18,3
2011	20,8	25,5	15,8
2012	23,1	27,1	18,8

Unidades: Porcentaxes.

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa.

Nota: para o cálculo deste indicador empréganse medias anuais dos datos trimestrais. 24-01-2013.

O abandono educativo temperán dos que non completaron o nivel de educación secundaria e non seguen ningunha formación, é sensiblemente superior nos homes, superando en 8,3 puntos as mulleres en 2012. Talvez as dificultades que ten a muller para iniciarse no mercado laboral, sexa unha das razóns para que persistan na súa formación académica.

No ensino Universitario en Galicia, segundo o INE, para o curso 2010-2011, o alumnado feminino era superior ao masculino, chegando ao 56,16%.

Alumnado matriculado en Ensino Universitario, por tipo de estudio e sexo. Curso 2010 - 2011. Galicia

■ Cadro 5.31

	Total	Mulleres
Total	74.842	42.035
Estudos de 1er. e 2º Ciclo	42.753	23.803
Estudos de grao	21.509	12.405
Másteres oficiais	4.850	2.733
Doctorado (3er. Ciclo)	5.730	3.094

Unidade: nº de alumnos/as.

Fonte: INE.

A porcentaxe media do 56,19% varía moito segundo a especialidade elixida:

■ As especialidades máis demandadas polas mulleres son:

- Mestra/ou
- Dereito
- Administración e Dirección de empresa
- CC. Empresariais
- Medicina
- Enfermaría

■ As especialidades con máis baixa representación feminina son:

- Enxeñaría Industrial
- Enxeñaría naval
- Enxeñaría de Telecomunicacións
- Maquinas navais
- Estudos de arquitectura e enxeñaría técnica

Como se pode observar, seguen existindo titulacións e especialidades reservadas case exclusivamente ás mulleres, aínda que parece que pouco a pouco vanse producindo movementos cara a outras áreas.

Alumnado que terminou os estudos Universitarios, por tipo de estudio e sexo. Curso 2010 - 2011. Galicia

■ Cadro 5.32

	Total	Mulleres
Total	13.524	8.632
Estudos de 1er. e 2º ciclo	9.497	6.008
Estudos de grao	828	520
Másteres oficiais	2.761	1.611
Tesis doctorais aprobadas	438	223

Unidade: nº de alumnos/as.

Fonte: INE.

(1) Estudos conducentes a obtención de dúas titulacións

É moi significativo constatar que do alumnado que finaliza os seus estudos universitarios, o 61,83% son mulleres:

- Estudios de primeiro e segundo ciclo: Foron rematados polo 63,26% de mulleres fronte ao 36,74% de homes.
- Estudios de grao: Finalizáronos o 62,8% de mulleres e o 37,2% de homes.
- Másteres oficiais: o 58,3% de mulleres e 41,7 de homes.
- Tese Doutoral: Del total de alumnos, o 50,9% dos diplomados/as foron mulleres e 49,1 foron homes.

É de destacar que se ben o 56,16% dos matriculados/as eran mulleres, do total de alumnos/as que finalizaron os seus estudos, o colectivo feminino supuxo o 61,83%, fronte ao 38,17% de homes.

5.6 Poder e toma de decisións

A idea de participación equilibrada de homes e mulleres nos procesos de toma de decisións incorporouse progresivamente en recomendacións de Nacións Unidas, Unión Europea e Consello de Europa. Este último, adoptou a recomendación dunha participación feminina non inferior ao 40% en calquera órgano de decisións para alcanzar o devandito equilibrio, e esa porcentaxe foi establecida como mínimo na lexislación nacional, por medio da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (vixente ata 01/01/2014), para alcanzar unha composición equitativa en todos os ámbitos claves da toma de decisións.

Distribución por sexo de altos cargos da Administración do Estado en porcentaxe de mulleres 2009/ 2012

■ Cadro 5.33

	2009	2011	2012
Total	28,61	28,93	32,59
Ministros/as	50,00	46,67	30,77
Secretarías do Estado	25,00	22,58	22,58
Subsecretarías	26,67	28,00	32,79
Directoras Xerais	29,36	30,96	32,05
Altos Cargos sin rango concreto	22,45	22,22	40,38

Fonte: elaboración do Instituto da Muller, a partir dos datos facilitados polo Ministerio de Facenda e Administración Pública. INE

En 2012 a representatividade que teñen as mulleres nos Altos Cargos da Administración do Estado chegou ao 32,59% (Secretarías de Estado, Subsecretarías, Secretarías Xerais e Directores/as Xerais), o que supón un aumento con respecto a 2011 de 3,66puntos. En Altos Cargos sen rango concreto, chégase case a paridade co 40,38%, pero contra as Secretarías de Estado só chegan ao 22,58% e nos/as Ministros/as o 30,77%.

■ Cadro 5.34

Mulleres no goberno en %

	2011	2010	2009	2008	2007	2006	2005	2004	2003(2)	2003	2002	2000	1999(2)	1999	1996
Partido no goberno	PP	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PP	PP	PP	PP	PP	PP	PP
Ambos sexos	13	15	17	17	16	16	16	16	16	16	16	17	15	15	15
% de mulleres	30,77	46,67	52,94	52,94	43,75	50	50	50	31,25	25	18,75	17,65	13,33	20	26,67

Fonte: Instituto da Muller.

Outra mostra do papel da muller no poder e a toma de decisións, é a súa presenza no Goberno. Neste cadro pódese ver a evolución da representación da muller dende 1982, pasando de cero, ata alcanzar o 52,94% en 2008 e 2009. No ano 2011 produciuse unha redución, quedando a participación feminina nun 30,77%

Composición dos Parlamentos Autonómicos

■ Cadro 5.35

	2009	2010	2011
	% Mulleres	% Mulleres	% Mulleres
Total	41,7	42,2	43,1
Andalucía	45,9	45,9	45,9
Aragón	35,8	35,8	32,8
Asturias	33,3	33,3	42,2
Baleares	49,2	49,2	45,8
Canarias	40,0	40,0	36,7
Cantabria	40,5	40,5	43,6
C. León	43,4	43,4	66,7
C. La Mancha	53,2	53,2	46,9
Cataluña	36,3	41,5	41,5
C. Valenciana	45,5	45,5	40,4
Extremadura	40,0	40,0	40,0
Galicia	40,0	40,0	40,0
Madrid	42,5	42,5	44,2
Murcia	39,1	39,1	40,0
Navarra	38,0	38,0	34,0
País Vasco	45,3	45,3	39,4
A Ríoxa	39,4	39,4	45,3
Ceuta	40,0	40,0	40,0
Meillla	40,0	40,0	40,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos dos Parlamentos autonómicos.

A representación da muller nos Parlamentos Autonómicos mantívose en 2011 nunha media do 43,10%.

A maior presenza feminina dáse en Castela-León co 66,7% e a menor en Aragón co 32,8%.

En Galicia a representación é do 40%.

No cadro 5.36 vemos a participación feminina nos Parlamentos Autonómicos en 2012. Aínda que en termos globais a participación das mulleres aumentou, este aumento só produciuse nalgúns CC.AA. como Andalucía ou País Vasco.

■ Cadro 5.36

Composición dos Parlamentos Autonómicos

	2011		2012	
	Ambos sexos	% Mulleres	Ambos sexos	% Mulleres
Total	1.268	43,1	1.268	43,38
Andalucía	109	45,87	109	47,71
Aragón	67	32,84	67	32,84
Asturias	45	42,22	45	42,22
Baleares	59	45,76	59	45,76
Canarias	60	36,67	60	36,67
Cantabria	39	43,59	39	43,59
C. León	84	66,67	84	66,67
C. La Mancha	49	46,94	49	46,94
Cataluña	135	41,50	135	40,00
C. Valenciana	99	40,40	99	40,40
Extremadura	65	40,00	65	40,00
Galicia	75	40,00	75	40,00
Madrid	129	44,19	129	44,19
Murcia	45	40,00	45	40,00
Navarra	50	34,00	50	34,00
País Vasco	75	39,39	75	49,33
A Rioxa	33	45,33	33	40,00
Ceuta	25	40,00	25	40,00
Melilla	25	40,00	25	40,00

Fonte: Instituto da muller.

A maior representación feminina atopámola en Castela-León (66,7%), seguida de País Vasco, e a menor en Aragón e Navarra cun 32,84% e 34% respectivamente.

Mulleres no Parlamento Europeo. (2009)

■ Cadro 5.37

	Total Escaños	% Mulleres
UE-27	736	35,10
Alemania	99	37,40
Austria	17	41,20
Bélxica	22	36,40
Bulgaria	17	41,20
Chipre	6	33,30
Dinamarca	13	46,20
Eslovaquia	13	38,50
Eslovenia	7	28,60
España	50	36,00
Estonia	6	50,00
Finlandia	13	61,50
Francia	72	47,20
Grecia	22	31,80
Hungría	25	48,00
Irlanda	22	36,40
Italia	12	25,00
Letonia	72	22,20
Lituania	8	37,50
Luxemburgo	12	25,00
Malta	6	16,70
Países Baixos	5	0,00
Polonia	50	22,00
Portugal	22	36,40
R. Checa	22	18,20
Reino Unido	72	31,90
Rumania	33	36,40
Suecia	18	55,60

Nota: entre paréntesis o ano das últimas eleccións.

Fonte: elaboración do Instituto da Muller a partir dos datos proporcionados pola Unión Interparlamentaria a través da súa páxina web. INE.

Nos parlamentos europeos existen grandes diferenzas dependendo dos países. Así en Suecia a participación feminina alcanza o 55,6% e en Finlandia o 61,5%, mentres que en Países Baixos é do 0% e en Malta é dun 16,7%.

En España a participación da muller no Parlamento é de 36%.

Participación de mulleres nos Parlamentos Nacionais dos países europeos. Cámara única ou baixa. 2010-2013

■ Cadro 5.38

	Total Escaños	% Mulleres
UE-27	7.198	26,70
Alemania (2009)	620	32,90
Austria (2008)	183	27,90
Bélxica (2010)	150	38,00
Bulgaria (2009)	240	22,90
Chipre (2011)	56	10,70
Dinamarca (2011)	179	39,10
Eslovaquia 2012	150	18,70
Eslovenia (2011)	90	32,20
España (2011)	350	36,00
Estonia (2011)	101	20,80
Finlandia (2011)	200	42,50
Francia (2012)	577	26,90
Grecia (2012)	300	21,00
Hungría (2010)	386	8,80
Irlanda (2011)	166	15,10
Italia (2013)	630	31,40
Letonia (2011)	100	23,00
Lituania (2012)	139	24,50
Luxemburgo (2009)	60	21,70
Malta (2013)	70	14,30
Países Baixos (2012)	150	38,70
Polonia (2011)	460	23,70
Portugal (2011)	230	28,70
R. Checa (2010)	200	22,00
Reino Unido (2010)	650	22,50
Rumanía (2012)	412	13,30
Suecia (2010)	349	44,70

Nota: entre paréntesis o ano das últimas eleccións.

Fonte: elaboración do Instituto da Muller a partir dos datos proporcionados pola Unión Interparlamentaria a través da súa páxina web.

INE.

O cadro 5.38 sobre a participación da muller nos Parlamentos nacionais dos países europeos, pon de manifesto un aumento, pasando do 22,7% de 2006/2009 ao 26,7% de 2010/13. Este aumento non se repartiu por igual en todos os países da Unión Europea: a maior porcentaxe de representación feminina osténtao Suecia (44,7%), seguida de Finlandia (42,5%) e Dinamarca (39,1%), mentres que a menor representación a atopamos en Hungría (8,8%), Chipre (10,7%) e Romanía (13,3%).

En España, en 2010/13, a representación da muller no Goberno alcanzou o 36%.

Os datos ofrecidos nalgúns dos cadros anteriores e seguintes non están desagregados por CC.AA., pero aínda así os seus resultados son significativos e extrapolables, aínda que con particularidades, á situación galega.

Segundo información do Mº de AA. PP., aínda que a porcentaxe de funcionarias (53,22%) é superior ao de funcionarios, a medida que ascendemos no complemento de destino, o número de mulleres diminúe, ata chegar ao nivel 30 onde só hai un representación feminina do 33,86% e ao nivel 29 cun 37,07%.

Ao ir descendendo de nivel, as porcentaxes vanse igualando, ata chegar ao nivel 22 cun 51,23% de mulleres, e seguir incrementándose a presenza feminina en niveis máis baixos como o nivel 18 (65,26%), o 16 (64,51%) ou o 14 (63,11%).

■ Cadro 5.39

Participación de mulleres en diversos órganos constitucionais. España 2012

	Ambos sexos	% de Mulleres
Consello do Estado	30	23,33
Consello Xeral do Poder Xudicial	20	35,00
Tribunal de Contas	15	6,67
Defensor do Pobo	1	100,00
Xunta Electoral Central	14	14,29
Consello Económico e Social	76	25,00

Fonte: Elaboración do Instituto da Muller a partir de datos do Ficheiro de Altos Cargos. Datos abril 2012

A representación feminina en órganos constitucionais como o Consello de Estado, Consello Xeral do Poder Xudicial, Tribunal de Contas, Defensor do Pobo, Xunta Electoral Central e Consello Económico e Social, segue sendo baixo, aínda que en progresivo aumento.

A participación máis alta obsérvase no Consello Xeral do Poder Xudicial (35%) e no Consello Económico e Social (25%).

A participación feminina no ano 2012 no Poder Xudicial, era do 35%. Pero a medida que se ascende na carreira xudicial, a porcentaxe diminúe.

En categorías de xuíces/as a participación é maioritariamente feminina (64,77%), pero so alcanza o 12,05% (8,9% en 2008) no caso de maxistrados do Tribunal Supremo.

5.7 Conciliación entre a vida laboral e familiar

Talvez sexa a conciliación entre a vida laboral e familiar un dos maiores condicionantes do acceso da muller ao mundo laboral. Os efectos negativos das dificultades de conciliación seguen recaendo sobre as mulleres a falta de repartición equitativa das responsabilidades familiares e a ausencia de infraestruturas axeitadas e suficientes para atender nenos e dependentes contribuíron ao escaso cambio producido.

Excedencias por cuidado de persoas dependentes. España 2011- 2012

■ Cadro 5.40

	AMBOS SEXOS		MULLERES	MULLERES
	2011	2012	2011	2012
Galicia	140,0	121,0	117,0	100,0
España	6202,00	6122,00	5276,00	5245,00

Fonte: Tesorería Xeral da Seguridade Social

O cadro 5.40 amósanos a nivel de toda España, como o 85% das excedencias para o coidado de familiares son solicitadas por mulleres e a nivel de Galicia alcanzouse o 83,6%.

Núcleos familiares monoparentais por sexo en miles. 2008-2011

■ Cadro 5.41

	Ambos sexos	Porcentaxe Monoparentais Femininos
2008	451,50	86,07
2009	533,80	86,25
2010	558,30	86,37
2011	548,60	88,66

Fonte: EPA

No cadro 5.41 serve para confirmar o papel da muller como responsable do coidado dos fillos, cunha porcentaxe moi superior de familias monoparentais femininas (88,66% en 2010), fronte ao 11,13% de monoparentais masculinas.

Permisos de maternidade por comunidades autónomas

■ Cadro 5.42

		2009	2010	2011	2012
Ambos sexos e porcentaxe de mulleres	Total	340.512	332.557	324.405	298.732
	Andalucía	61.135	59.330	57.659	52.703
	Aragón	9.404	9.125	9.121	8.320
	Asturias	5.814	5.536	5.638	5.315
	Baleares	8.403	8.087	7.715	6.822
	Canarias	12.191	11.259	10.638	9.992
	Cantabria	4.020	4.102	3.945	3.663
	C. León	14.376	14.398	14.285	13.323
	C. La Mancha	12.807	12.960	12.436	11.345
	C. Valenciana	61.323	58.896	32.532	29.649
	Cataluña	66.080	64.670	57.344	52.668
	Extremadura	16.716	16.685	6.495	5.926
	Galicia	55.982	55.329	16.464	15.193
	Madrid	11.321	10.946	53.788	49.658
	Murcia	5.606	5.390	10.333	9.603
	Navarra	2.303	2.366	5.311	5.028
	A Rioxa	34.470	33.135	2.179	2.103
	País Vasco	17.265	17.730	17.728	16.713
	Ceuta	343	404	376	322
	Melilla	425	412	418	386
	Total	98,32	98,25	98,21	98,32
	Andalucía	98,85	98,88	98,87	98,82
	Aragón	98,28	97,97	97,87	98,35
	Asturias	98,11	97,65	97,50	97,59
	Baleares	98,42	98,33	98,42	98,64
	Canarias	98,70	98,64	98,40	98,70
	Cantabria	97,96	97,51	97,39	97,35
	C. León	97,81	97,71	97,55	97,92
	C. La Mancha	98,70	98,67	98,69	98,65
	C. Valenciana	98,35	98,35	98,71	98,42
	Cataluña	99,02	98,84	98,25	99,17
	Extremadura	98,00	97,97	99,06	97,80
	Galicia	98,19	98,24	97,97	98,44
	Madrid	99,27	99,31	98,22	99,33
	Murcia	95,99	95,90	99,33	96,64
	Navarra	97,83	98,01	96,25	97,67
	A Rioxa	98,66	98,64	97,93	98,83
	País Vasco	96,28	95,67	95,50	95,46
	Ceuta	99,42	97,03	98,40	98,45
	Melilla	98,59	99,27	97,13	97,41

* O volumen de perceptores de maternidade xestionados polo SEPE refírense a novembro.
 Fonte: Instituto da Muller, a partir de datos da Tesorería Xeral da Seguridade Social.

Excedencias* por coidado de fillas/os

■ Cadro 5.43

	España		Galicia	
	Total	% Nais	Total	% Nais
2010	34.812	95,48	511	94,32
2011	34.128	95,52	555	93,69
2012	29.651	94,98	536	94,22

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Tesorería Xeral da Seguridade Social

As excedencias por coidado de fillas/os en Galicia correspondentes ao 2012 mostránnos que neste ano o 94,22% das excedencias por coidado de fillo/a eran solicitadas por mulleres e solo polo 5,78% de homes, aínda que a tendencia dos últimos anos reflicte un leve aumento nas solicitudes de homes. En España, nese ano 2012, o 94,98% destas excedencias concedéronse a mulleres.

Algo similar acontece cos permisos de maternidade. No cadro 5.42 conséctase que en Galicia o 98,44% dos permisos foron gozados polas nais. En España as cifras son similares co 98,32% de permisos das nais.

A evolución dende o ano 2004 amosa escasas diferenzas. A aprobación da Lei de Igualdade permitiu o desfrute dos permisos de paternidade, con 11.656 permisos gozados en Galicia en 2012 (245.867 en toda España).

Permisos de Paternidade por CC.AA

■ Cadro 5.44

	2011	2012
Total	269.715	245.867
Andalucía	42.051	37.973
Aragón	8.405	7.681
Asturias	4.675	4.303
Baleares	5.747	4.906
Canarias	8.696	7.990
Cantabria	3.418	3.192
C. León	12.514	11.859
C. La Mancha	11.697	10.542
C. Valenciana	26.889	23.888
Cataluña	51.174	46.496
Extremadura	5.313	4.722
Galicia	12.661	11.656
Madrid	44.702	40.744
Murcia	8.566	7.761
Navarra	4.785	4.665
A Ríoxa	2.075	1.973
País Vasco	15.741	14.951
Ceuta	305	277
Melilla	301	288

Fonte: Instituto Nacional da Seguridade Social. Actualizada a 13 de marzo de 2013

Para completar este apartado incluímos o cadro sobre “Persoas ocupadas a tempo parcial por motivo da xornada parcial” do Instituto da Muller sobre datos da EPA.

Persoas ocupadas a tempo parcial por motivo da xornada parcial. España 2011-2012

■ Cadro 5.45

		2011	2012
Total		2.458,50	2.598,70
Ambos sexos	Seguir cursos de ensinanza ou formación	153,40	135,80
	Enfermidade ou incapacidade propia	28,00	31,20
	Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores	297,60	288,00
	Outras obrigas familiares ou persoais	150,60	126,80
	Non poder encontrar traballo de xornada completa	1.351,40	1.550,10
	Non querer traballo de xornada completa	215,20	171,80
	Outros motivos	256,50	286,40
	Non sabe o motivo	5,80	8,60
Total		75,98	75,78
% Mulleres	Seguir cursos de ensinanza ou formación	58,28	59,72
	Enfermidade ou incapacidade propia	59,64	64,42
	Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores	96,77	96,98
	Outras obrigas familiares ou persoais	92,16	94,87
	Non poder encontrar traballo de xornada completa	73,07	73,74
	Non querer traballo de xornada completa	84,43	82,71
	Outros motivos	63,12	62,29
	Non sabe o motivo	68,97	59,30

Fonte: Enquisa de poboación activa. INE. Elaborado polo Instituto da Muller.
Unidade: Miles de persoas.

Aínda que os datos non están desagregados por Comunidades Autónomas, parece significativo que do total de persoal que realizan un traballo a tempo parcial por coidado de nenos ou adultos enfermos, incapacitados ou maiores, o 96,98% en 2012 sexan mulleres e o 94,87% do total de persoas traballadoras a tempo parcial con obrigas familiares ou persoais, tamén sexan mulleres.

Destaca, igualmente, que o 73,74% dos que non puideron atopar traballo a xornada completa sexan mulleres e que o 82,71% dos que non queren traballar a xornada completa tamén sexan mulleres, xurdindo a dúbida de se realmente a elección de traballar a tempo parcial é libre ou imposta por un cúmulo de factores externos, algúns deles imperceptibles.

O cadro 5.46 de “Persoas inactivas que non buscan emprego por razóns familiares” do Instituto da Muller, parece confirmar os datos anteriores, destacando que do total de persoas inactivas que non buscan emprego por razóns familiares, o 94,79%, sexan mulleres e as que non o buscan por coidar nenos/as, adultos enfermos, incapacitados/as ou maiores sexa do 95,55%.

Persoas inactivas que non buscan emprego por razóns familiares. España 2011-2012

■ Cadro 5.46

		2011	2012
Ambos sexos	Total Inactivos	15.427	15.410
	Total Razóns familiares	2.185	2.042
	Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores	556	504
	Outras obrigas familiares ou persoais	1.629	1.538
% Mulleres	Total Inactivos	60,16	59,47
	Total Razóns familiares	95,65	96,07
	Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores	95,85	96,55
	Outras obrigas familiares ou persoais	95,58	94,79

Fonte: Enquisa de poboación activa. INE. Elaborado polo Instituto da Muller.
Unidade: Miles de persoas.

5.8 Salarios

Continuando a tendencia dos apartados anteriores deste capítulo, o sexo parece ser tamén un factor determinante das diferenzas salariais.

O informe da Axencia Tributaria “Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2011 (últimos datos dispoñibles) reflicte que as mulleres galegas no ano 2011 percibiron un salario medio anual de 15.688 € fronte aos 20.393 € dos homes, o que supón que as mulleres percibiron un 23% menos que os homes polo seu traballo realizado.

A media total das CC.AA. no grupo de mulleres chegou aos 16.209 €, fronte aos 21.422 dos homes, percibindo o colectivo feminino un 24% menos que os homes.

A muller galega cobra menos que a media feminina estatal (16.264 €), e que a media no conxunto do Estado (19.102 €).

Asalariados por CCAA e sexo. 2011

■ Cadro 5.47

	Total		Mulleres	Homes
	Salario medio anual	%*	Salario medio anual	Salario medio anual
Andalucía	15.375	74,08	12.864	17.364
Aragón	19.572	74,00	16.371	22.110
Ppdo. de Asturias	19.916	73,71	16.298	22.849
Illas Baleares	17.810	80,22	15.754	19.639
Canarias	16.519	83,16	14.896	17.913
Cantabria	19.654	72,27	16.197	22.413
Castela León	16.913	79,67	14.711	18.466
Castela a Mancha	18.771	75,85	15.927	20.999
Cataluña	21.348	75,41	18.164	24.087
Comunidade Valenciana	17.424	77,05	14.955	19.410
Estremadura	14.436	79,72	12.612	15.821
Galicia	18.271	76,93	15.688	20.393
C. de Madrid	24.861	72,37	20.657	28.545
Reión de Murcia	16.283	78,77	14.081	17.875
A Rioxa	18.875	77,24	16.185	20.955
Cidade de Ceuta	22.063	67,67	17.118	25.298
Cidade de Melilla	20.938	72,43	17.097	23.604
Total	19.102	75,92	16.264	21.422

*Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home.

Fonte: Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2011.

A evolución con respecto ao ano 2000 non era moi alentadora, xa que en Galicia a diferenza se incrementou en case un punto, pasando do 26,10% de diferenza en pre-xuízo das mulleres, ao 26,94% en 2006 e 26,28% en 2007. Pero desde o ano 2008 as diferenzas diminúen e mantense nos anos 2009, 2010 e 2011.

■ Cadro 5.48

Asalariados por sector de actividade económica e sexo. Galicia / España. 2011

	España Homes	España Mulleres	Galicia		
			Mulleres	Homes	%
Agricultura, gandeiría, selvicultura e pesca	7.235	3.906	10.361	15.859	65,33
Industria extractiva, enerxía e auga	27.628	20.546	20.181	24.972	80,81
Industria	23.992	17.198	14.781	21.691	68,14
Construcción e servizos inmobiliarios	16.905	16.889	15.580	16.695	93,32
Comercio, reparacións e transporte	20.613	13.575	12.952	18.592	69,66
Información e comunicacións	30.982	22.569	16.786	24.109	69,63
Entidades financeiras e aseguradoras	39.515	26.897	25.021	37.194	67,27
Servizo ás empresas	20.414	13.398	11.886	18.015	65,98
Servizos sociais	26.871	21.675	21.656	26.482	81,78
Outros servizos persoais e de ocio	12.773	9.094	8.011	10.754	74,49
Total	21.422	16.264	15.688	20.393	76,93

*Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home en Galicia.

Fonte: Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2011.

Neste cadro, apreciamos que as diferenzas salariais non son iguais segundo que rama de actividade económica se trate. As maiores diferenzas aprécianse na rama “servizos a empresas”, onde a muller gaña un 34,1% menos que o home, seguida de “entidades financeiras e aseguradoras” cunha porcentaxe dun 32,7% menos en contra da muller e de “industria” cun 31,8% menos.

As menores diferenzas atopámolos en “construción e servizos inmobiliarios” onde a muller percibe o 93,32% do salario masculino e “servizos sociais” co 81,78%.

Hai que ter en conta que estas diferenzas salariais están provocadas en boa medida por que a muller está contratada nunha maior proporción a tempo parcial, con contratos temporais, que se incorporan máis tarde ao mercado laboral e que interrompen a súa vida profesional para a atención dos fillos ou de persoas dependentes.

**Percepcións salariais por tramo de salario e sexo.
Galicia / España. 2012**

■ Cadro 5.49

	Galicia		España	
	Salario medio anual		Salario medio anual	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
De 0 a 0,5 SMI	1.946	1.926	1.878	1.881
De 0,5 a 1 SMI	6.730	6.792	6.654	6.720
De 1 a 1,5 SMI	11.374	11.364	11.285	11.287
De 1,5 a 2 SMI	15.874	15.500	15.811	15.583
De 2 a 2,5 SMI	19.928	20.073	20.040	20.069
De 2,5 a 3 SMI	24.582	24.523	24.563	24.513
De 3 a 3,5 SMI	29.058	29.082	29.077	29.110
De 3,5 a 4 SMI	33.519	33.499	33.581	33.551
De 4 a 4,5 SMI	38.063	38.071	38.045	38.054
De 4,5 a 5 SMI	42.478	42.293	42.492	42.405
De 5 a 7,5 SMI	53.425	53.162	53.648	53.203
De 7,5 a 10 SMI	76.234	75.705	76.535	75.984
Máis de 10 SMI	139.707	131.481	146.911	128.606
Total	20.393	15.688	21.422	16.264

Fonte: Axencia Tributaria. Mercado de Traballo e pensións nas fontes tributarias: 2012.

A partir dos datos facilitados pola Axencia Tributaria, observamos que en 2011 o 18,64% (88.100 mulleres) tiveron ingresos por salarios inferiores ao 50% de Salario Mínimo Interprofesional (S.M.I.) e o 15,40% tivéronos entre o 50% e o 100% do S.M.I. Isto supón que o 34% (33,36% en 2010) de mulleres, no ano 2011, tiveron ingresos non superiores ao S.M.I. Os homes con salarios inferiores ao 50% do SMI. foron o 13,45% e con salarios entre o 50% e o 100% do S.M.I. foron o 9,80%.

Cos salarios máis altos acontece á inversa, é unha porcentaxe moi baixa de mulleres as que perciben salarios altos.

La Enquisa Anual de Estrutura Salarial ano 2010 do INE (última dispoñible) confirma os datos anteriores.

Salario bruto anual por tipo de contrato. (Euros). 2011.
Encuesta anual de estrutura salarial

■ **Cadro 5.50**

Ambos os dous sexos	Total	Indefinido	Duración determinada
Andalucía	21.350,98	23.172,63	15.688,91
Aragón	22.333,53	23.755,38	16.593,34
Ppdo. de Asturias	22.286,48	23.646,73	17.903,30
Illas Baleares	21.351,00	22.316,62	17.436,48
Canarias	19.516,96	20.282,61	16.884,97
Cantabria	20.931,68	22.506,84	15.108,64
Castela León	21.029,37	22.445,07	16.039,02
Castela A Mancha	20.664,90	22.055,76	16.114,26
Cataluña	24.499,32	25.975,55	16.936,13
C. Valenciana	21.316,34	22.723,76	14.999,90
Estremadura	19.879,46	21.590,93	14.481,70
Galicia	19.970,29	21.266,59	15.398,16
C. de Madrid	25.845,20	27.653,37	16.970,24
Rexión de Murcia	21.077,49	22.274,61	16.673,28
Navarra	24.384,92	25.976,14	17.902,17
País Vasco	26.370,36	28.334,70	19.181,95
A Ríoxa	20.996,76	22.076,84	15.012,58
Ciudades Ceuta e Melilla			
España	22.899,35	24.494,96	16.463,14

Homes	Total	Indefinido	Duración determinada
Andalucía	23.815,22	25.959,70	16.887,47
Aragón	25.258,68	27.249,29	17.176,28
Ppdo. de Asturias	25.346,39	27.413,40	18.908,88
Illas Baleares	23.188,80	24.584,65	17.825,33
Canarias	21.090,86	22.111,24	17.119,64
Cantabria	23.793,64	25.835,73	16.098,67
Castela León	23.482,58	25.629,67	16.036,77
Castela A Mancha	22.771,53	24.575,97	16.677,21
Cataluña	28.025,61	29.967,98	17.817,65
C. Valenciana	24.171,87	25.821,39	16.613,11
Estremadura	21.318,32	22.937,63	15.755,97
Galicia	22.381,85	23.960,60	16.729,23
C. de Madrid	28.896,67	31.085,51	17.850,11
Rexión de Murcia	23.460,47	25.199,24	16.479,83
Navarra	27.834,48	30.109,49	18.483,28
País Vasco	29.492,66	32.014,91	20.221,67
A Ríoxa	23.512,09	25.015,61	15.150,15
Ciudades de Ceuta e Melilla			
España	25.667,89	27.683,85	17.357,99

■ **Cadro 5.50**
(continuación)

Salario bruto anual por tipo de contrato. (Euros). 2011.
Encuesta anual de estrutura salarial

Mulleres	Total	Indefinido	Duración determinada
Andalucía	18.389,21	19.753,66	14.336,96
Aragón	18.831,38	19.561,86	15.902,38
Ppdo. de Asturias	18.721,59	19.335,07	16.663,14
Illas Baleares	19.377,39	19.934,77	16.979,21
Canarias	17.824,94	18.203,24	16.676,89
Cantabria	17.606,84	18.600,13	13.978,51
Castela León	18.193,91	18.792,93	16.041,68
Castela A Mancha	18.001,99	18.816,38	15.440,35
Cataluña	20.799,94	21.751,62	16.050,49
C. Valenciana	18.052,49	19.154,48	13.221,62
Extremadura	18.060,80	19.809,28	13.085,07
Galicia	17.291,96	18.253,62	13.955,74
C. de Madrid	22.585,38	23.951,32	16.073,77
Rexión de Murcia	18.053,61	18.406,56	16.884,40
Navarra	19.977,24	20.673,71	17.171,56
País Vasco	22.449,59	23.703,44	17.886,53
A Ríoxa	18.328,41	18.955,56	14.867,59
Ciudades de Ceuta e Melilla			
España	19.767,59	20.854,66	15.487,40

Fonte: INE Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2010.

En Galicia o salario medio bruto anual total en 2011, no colectivo feminino foi de 17.291,96 €. Se distinguimos entre tipo de contrato a media foi de 18.256,62 € para os contratos indefinidos e 13.955,74 € para os de duración determinada e no colectivo masculino foron de 22.381,81 €, distribuídos en 23.960,60 € para os contratos indefinidos e 16.729,23 € para os de duración determinada. Isto supón que as mulleres galegas en 2011 percibiron unhas retribucións un 22,74% menor que as dos homes, diferenza que no caso dos contratos indefinidos alcanza o 23,82%.

En España a media salarial bruta das mulleres en 2011, foi de 19.767,59 €, fronte aos 25.667,89 dos salarios masculinos, o que reflicte unha diferenza en contra do salario feminino de 22,99. Nas contratacións indefinidas, esta diferenza, desfavorable para as mulleres chega ao 24,67%.

5.9 Prestacións por desemprego

Os datos proporcionados polo MEYSS para a elaboración deste apartado non están desagregados por CC.AA., polo que, aínda que fagamos referencia ás súas táboas estatísticas do 2012, imos utilizar o informe da Axencia Tributaria “Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2012”.

O nº de perceptoras de prestacións de desemprego, segundo as estatísticas do Anuario de Estatísticas Laborais de de Asuntos Sociais do Mº de Emprego e Seguridade Social 2012, foi inferior ao dos homes no nivel contributivo e asistencial.

■ 580.600 mulleres percibiron prestación de nivel contributivo, fronte a 800.600 homes.

■ 539.900 mulleres percibiron prestacións de nivel asistencial, fronte a 646.900 homes.

A media diaria bruta recoñecida a beneficiarios/as de prestacións de desemprego de nivel contributivo segundo sexo e idade a nivel de todo o Estado é de 28,66 € día no ano 2012 (28,40 € día en 2011). A contía percibida polo colectivo feminino está por debaixo desa media, alcanzando solo 25,96 € día (25,65 € día en 2011), fronte aos 30,61 € do grupo de homes (30,32 € en 2011).

A maior diferenza atopámola no colectivo de mulleres entre 55 e máis anos onde a diferenza de contía media diaria bruta chega a ser de 6,65 € día (mulleres 25,70 € día e homes 32,35 € día).

Contía media diaria bruta recoñecida a beneficiarios de prestacións de nivel contributivo. Segundo sexo e idade. España. 2012

■ Cadro 5.51

	2012
Homes	
16-19 anos	21,98
20-24 anos	25,46
25-54 anos	30,53
55 e máis anos	32,35
Total	30,61
Mulleres	
16-19 anos	18,35
20-24 anos	21,46
25-54 anos	26,24
55 e máis anos	25,70
Total	25,96
Ambos os dous sexos	
16-19 anos	20,64
20-24 anos	23,72
25-54 anos	28,66
55 e máis anos	30,19
Total	28,66

Fonte: Axencia Tributaria. Mercado de Trabajo e pensións nas fontes tributarias: 2012.

Para poder facer unha análise por CC .AA. e sexo utilizaremos os datos do informe de la Axencia Tributaria “Mercado de trabajo e pensións nas fontes tributarias: 2011”.

En todas as CC.AA o importe da prestación media anual é inferior no colectivo feminino, 3.357 € (3.559 € en 2010) fronte aos 3.984 € (4.269 € en 2010) dos homes. En Galicia a media anual chegou aos 3.252 (3.358 € en 2010) para as mulleres e aos 4.031 € (4.093 € en 2010) para os homes, polo tanto existe unha diferenza en prexuízo do grupo de mulleres de 779 € anuais como media.

Se comparamos a percepción media feminina en materia de prestacións de desemprego, en 2011, co total do colectivo feminino, as mulleres galegas percibiron 105 € menos que a media de España, ocupando o cuarto posto das prestacións máis baixas despois de Baleares, Estremadura, e Cantabria. No caso dos homes galegos a diferenza coa media dos homes España, é de 47 € máis.

Podemos concluír dicindo que a muller galega percibe só o 80,67% (82% en 2010) das prestacións, comparándoas coas percibidas polos seus compañeiros homes, é dicir, percibe un 19,33% menos.

■ Cadro 5.52

**Percepcións medias de prestacións por desemprego.
Por sexo e comunidade autónoma do perceptor. Galicia/España. 2011**

	Total	Homes	Mulleres
	Prestación media anual	Prestación media anual	Prestación media anual
Andalucía	3.494	3.780	3.208
Aragón	3.549	3.784	3.313
Ppdo. de Asturias	3.750	4.234	3.266
Illas Baleares	3.213	3.457	2.968
Canarias	3.453	3.725	3.180
Cantabria	3.545	4.002	3.087
Castela León	3.526	3.846	3.206
Castela a Mancha	3.603	3.950	3.256
Cataluña	4.007	4.323	3.691
Comunidad Valenciana	3.677	4.053	3.301
Estremadura	3.354	3.600	3.108
Galicia	3.642	4.031	3.252
C. de Madrid	4.091	4.362	3.820
Rexión de Murcia	3.461	3.793	3.128
A Rioxa	3.637	3.882	3.392
Cidade de Ceuta	3.557	3.857	3.256
Cidade de Melilla	3.392	3.713	3.071
España	3.671	3.984	3.357

Fonte: Axencia Tributaria. Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2011

Facendo unha análise da nacionalidade dos perceptores/as, observamos que cando a nacionalidade é española, a diferenza nas percepcións das mulleres con respecto aos varóns é superior; chegando a percibir un 19,75% menos, mentres que se a orixe é estranxeira, a diferenza se reduce ata un 15,68% menos.

■ Cadro 5.53

**Desempregados e prestacións medias por nacionalidade e sexo do perceptor
Galicia - España. 2011**

	Desempregados			Prestación media anual		
	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Ambos sexos	Mulleres	Homes
España						
Española	4.986.488	2.367.973	2.618.515	3.775	3.409	4.107
Estranxeira	872.677	312.317	560.360	3.248	2.961	3.409
Galicia						
Española	299.531	140.021	159.510	3.703	3.274	4.080
Estranxeira	18.248	7.029	11.219	3.133	2.812	3.335

Fonte: Axencia Tributaria.

A diferenza estriba na nacionalidade de orixe, xa que os homes non españois perciben unhas prestacións sensiblemente inferiores ás dos homes galegos (18% menos), mentres que as mulleres non españolas, con respecto ás españolas, con respecto ás mulleres galegas, teñen uns ingresos en concepto de desemprego do 14% menos.

Esta análise volve reafirmar a idea de que, con independencia da orixe, nacionalidade, formación, ... o colectivo de mulleres sempre está por debaixo do de homes.

■ Cadro 5.54

**Pensión contributivas e importe medio e pensionistas segundo clase, por sexo.
España 2011/2012**

	Pensiones				Pensionistas ⁽¹⁾	
	Número		Importe medio En euros/mes		número	
	2011	2012	2011	2012	2011	2012
Homes	4.287.027	4.344.107	1.004,13	1.034,18	4.164.710	4.220.681
Incapacidade permanente	613.057	616.165	940,59	956,72	611.369	613.691
Xubilación	3.363.232	3.406.868	1.070,95	1.106,65	3.347.086	3.392.331
Viudedade	160.467	163.625	449,21	457,81	61.865	62.259
Orfandade	142.064	148.700	355,94	363,74	136.263	143.732
Favor familiar	8.207	8.750	438,54	447,97	8.127	8.668
Mulleres	4.517.845	4.575.651	615,99	635,76	3.861.900	3.910.162
Incapacidade permanente	325.415	327.119	735,52	756,51	312.278	314.492
Xubilación	1.882.875	1.923.213	637,13	662,42	1.773.554	1.812.989
Viudedade	2.148.816	2.159.275	596,66	612,44	1.623.877	1.623.978
Orfandade	131.051	136.570	362,60	369,70	125.261	131.878
Favor familiar	29.689	29.475	481,76	496,86	26.931	26.825
Ambos os dous sexos⁽²⁾	8.805.164	8.919.997	804,96	829,79	8.026.911	8.131.066
Incapacidade permanente	938.491	943.296	869,48	887,29	923.666	928.194
Xubilación	5.246.241	5.330.195	915,24	946,35	5.120.778	5.205.428
Viudedade	2.309.332	2.322.938	586,42	601,55	1.685.788	1.686.273
Orfandade	273.201	285.343	359,11	366,57	261.618	275.678
Favor familiar	37.898	38.225	472,39	485,67	35.061	35.494

(1) Véxase nota a este cadro en Fontes non explicativas.

(2) Inclúe non consta sexo.

Fonte: Anuario de estadísticas laborais 2012. Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

5.10 Pensións

Para unha primeira análise utilizaremos os datos proporcionados polo Mº de Emprego e Seguridade Social nas estatísticas do Anuario de Estatísticas Laborais do 2012, últimos dispoñibles desagregados por sexos no momento de finalización deste capítulo. Aínda que os datos non están desagregados por CC.AA, se o están por sexo, polo que nos poden dar unha visión xeral da situación da muller pensionista.

Faremos unha primeira análise das pensións contributivas.

O nº de pensionistas mulleres (3.910.162) en toda España é lixeiramente inferior ao de homes (4.220.681). É máis destacable que se ben no colectivo masculino as pensións de xubilación, que requiren unha cotización previa, supoñen un 80,37% do total, no grupo de mulleres só alcanzan un 46,26%, mentres que as de viuvez chegan ao 41,5%.

En relación co importe medio mensual podemos dicir que no conxunto do Estado, as pensións percibidas polas mulleres en 2012 son 398,42 € menos que as dos homes, ou o que é o mesmo un 38,52% menores (mulleres: 635,76 €, homes: 1.034,18€). Esta diferenza aínda é maior se comparamos as pensións de xubilación. Así unha pensionista de xubilación muller percibiría 433,13 € menos que os homes.

As pensións de viuvez, orfandade e a favor de familiares son lixeiramente superiores no caso das mulleres.

■ Cadro 5.55

Pensión contributivas, segundo tramos de contía mensual, por sexo e clase. España 2012

	Total	Ata 150€	De 150,01 a 500€	De 500,01 a 641,39€	De 641,39 a 700€	De 700,01 a 1.100€	De 1.100,01 a 1.500,00€	De 1.500,01 a 1.800€	De 1.800,01 a 2.000€	De 2.000,01 a 2.466,21€	Máis de 2.466,21€
Homes	4.344,1	64,6	471,8	858,3	163,6	1.241,3	648,7	320,8	159,7	399,6	15,8
Incapacidade permanente	616,2	2,4	102,50	115,80	33,60	190,3	83,1	33,3	16,1	34,4	4,8
Xubilación	3.406,9	48,0	154,90	707,40	106,90	1.027,1	556,4	286,8	143,3	365,1	11,0
Viuvez	163,6	6,0	106,30	22,80	4,30	17,1	6,8	0,3	0,0	-	0,0
Orfandade e favor familiares	157,4	8,2	108,10	12,30	18,80	6,8	2,4	0,4	0,3	0,1	0,0
Mulleres	4.575,6	81,1	1.499,8	1.721,7	175,3	668,7	273,6	66,8	28,9	56,7	2,9
Incapacidade permanente	327,1	1,6	102,70	88,60	15,20	64,7	26,6	10,2	4,9	11,1	1,4
Xubilación	1.923,2	33,0	650,70	756,90	48,50	202,3	112,8	49,5	23,2	44,8	1,5
Viuvez	2.159,3	37,2	635,70	863,10	90,90	393,4	131,2	6,6	0,5	0,6	0,0
Orfandade e favor familiares	166,0	9,3	110,70	13,10	20,70	8,3	3,0	0,5	0,3	0,2	0,0
Ambos os dous sexos⁽¹⁾	8.919,7	145,7	1.971,6	2.580,0	338,9	1.910,0	922,3	387,6	188,6	456,3	18,7
Incapacidade permanente	943,3	4,0	205,2	204,4	48,8	255,0	109,7	43,5	21,0	45,5	6,2
Xubilación	5.330,1	81,0	805,6	1.464,3	155,4	1.229,4	669,2	336,3	166,5	409,9	12,5
Viuvez	2.322,9	43,2	742,0	885,9	95,2	410,5	138,0	6,9	0,5	0,6	0,0
Orfandade e favor familiares	323,4	17,5	218,8	25,4	39,5	15,1	5,4	0,9	0,6	0,3	0,0

(1) Inclúe non consta sexo.

Fonte: Anuario de estadísticas laborais 2012. Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Se a análise o realizamos observando as pensións segundo tramos de contía mensual, por sexo e clase, para todo o territorio das CC.AA. en 2011 apreciamos que no colectivo de mulleres o maior nº de pensións concéntrase no tramo de 500,01 a 641,39 €, e o seguinte tramo con máis perceptoras é o de 150,01 a 500,00 €. No grupo de homes o primeiro tramo con máis pensionistas é o de 700,01 € a 1.100,00

€ e o seguinte tramo con máis perceptores é o de 500,01 a 641,40 €, e nos tramos superiores son maioritarios e case exclusivos, o nº de perceptores homes.

■ Cadro 5.56

Pensión por CCAA e sexo. 2011

	Total	Mulleres	Homes
	Pensión media anual	Pensión media anual	Pensión medio anual
Andalucía	11.130	9.426	12.834
Aragón	12.817	10.422	15.211
Ppdo. de Asturias	15.135	11.053	19.217
Illas Baleares	11.468	9.624	13.312
Canarias	11.200	9.659	12.740
Cantabria	13.092	10.401	15.783
Castela e León	10.605	9.190	12.019
Castela A Mancha	12.224	10.248	14.200
Cataluña	12.840	10.375	15.305
Comunidad Valenciana	11.286	9.516	13.056
Estremadura	11.286	9.516	13.056
Galicia	10.905	9.261	12.549
C. de Madrid	14.865	11.885	17.844
Región de Murcia	10.632	9.067	12.197
A Ríoxa	11.827	10.023	13.631
Cidade de Ceuta	14.476	11.138	17.813
Cidade de Melilla	13.799	10.954	16.644
Total	12.177	10.082	14.271

*Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home.

Fonte: Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2011.

Para poder facer unha análise por CC .AA. e sexo utilizaremos os datos do informe de a Axencia Tributaria "Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2010 (últimos datos dispoñibles).

Cabe sinalar que se ben en Galicia, o nº de pensionistas (sen distinción polo tipo de pensión) é superior no colectivo feminino (51,07%), non o son os importes das pensións recibidas. No total das CC.AA. o nº de mulleres pensionistas chega ao 48,90%.

A pensión media anual das mulleres pensionistas en Galicia alcanzou en 2011 os 9.261 €, fronte aos 12.549 € dos homes, o que supón que as mulleres perciben o 73,80% do importe da pensión masculina, ou o que é o mesmo un 26% menos, o que supón unha significativa diferenza (3.288 € menos ao ano).

A muller galega tamén está en desvantaxe se a comparamos coa pensión media das mulleres do resto de CC.AA., con 821 € menos.

As pensionistas galegas ocupan o terceiro lugar das máis baixas, despois de Murcia, Castela-León e Estremadura empeorando a súa posición do ano anterior.

